EDITORIAL. Galiza diante dunha nova reforma da Política Agraria Común ▸ 3

AGRA. Medio Rural deixa sen axudas á cría de razas autóctonas ao 85% das explotacións ▸ 8

Coordinadora Europea da Via Campesina, campaña de mobilizacións

Centos de labregos e labregas protestan no Parlamento Europeo polo dereito a producir e trocar sementes ▸ 18-19

ESPAÑA FRANQUEO CONCERTADO F.C. Nº 15000077



FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XL - Nº 300 - Xaneiro/Febreiro 2014

O MINISTERIO AMAÑA UNHA PAC PARA TERRATENENTES E GRANDES EMPRESAS

▸ 14 a 17

O Ministerio de Agricutura, coa complicidade dos departamentos de Medio Rural das comunidades autónomas, acordaron aplicar unha Política Agraria Común na que o reparto das axudas seguirán beneficiando millonariamente a unhas poucas empresas e terratenentes, deixando as migallas sobrantes para as explotacións labregas profesionais. Esta foi unha das cuestións que a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, denunciou diante do ministro, Miguel Arias Cañete, nun encontro mantido en Ourense o 15 de xaneiro. E é que cada vez xorden máis voces críticas coa xestión da política agraria comunitaria, como a do propio Parlamento Europeo, que dixo que esta PAC pode resultar nefasta para as pequenas explotacións; ou o Comité das Rexións, que non dubidou en cualificar de "suicida" e "grave erro estratéxico" a supresión do sistema de cotas no sector lácteo sen activar outras medidas reguladoras do mercado e da produción, tal e como defendemos dende a Coordinadora Europea da Vía Campesina.



Medio Rural abandona á súa sorte ás explotacións agrarias damnificadas polos temporais

Tras un 2013 con malos resultados polas irregularidades climáticas, a situación do sector de horta, froita e flor agravouse ao comezo de 2014 pola desfeita provocada pola sucesión de temporais que comezaron no mes de decembro. ▸ 6 e 7



GALIZA. O Fouce estrea un novo deseño tras cumprir 40 anos de andaina e chegar ao número 300 ▸ 12-13

MULLERES. Mobilizacións da Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto diante da reforma do ministro Gallardón ▸ 20

sindicato labrego galego
comisións labregas

O pico do petróleo. O problema. E, a oportunidade?

Afonso Fernandes Conde,
Asociación Véspera de Nada

Hoje em dia vivemos em sociedades altamente dependentes de petróleo e demais combustíveis fósseis. As nossas explorações agrárias são especialmente sensíveis a ela. Precisamos petróleo para mover tractores, furgonetas, barcos e camiões; para o plástico do silo e o invernadoiro, gracias a ele adubamos com triple 15 e 8-24-16 (N, P, K), e assim podíamos continuar com pesticidas e medicamentos. Também não fai falta falar dos contínuos aumentos de preço para estes rubros que ano trás ano vimos padecendo.

Mas este mundo abundante em petróleo tem os dias (anos) contados. Segundo a AIE, Agência Internacional da Energia, foi no ano 2006 quando se alcanzou o ponto de máxima extracção de petróleo convencional, que nunca mais vai voltar a ser atingido. Este dado é importante porque delimita o momento a partir do qual a extracção só pode minguar. Até 2006 eram constantes os incrementos da produção mundial, daqui em diante isto não vai ser mais possível.

Se bem até o momento o único efeito que temos notado é o aumento de preços, semelha evidente que dentro duns anos a escasseza fará-se notar também na constante diminuição do petróleo e derivados que poidam chegar até as nossas casas. Isto é assim por vários motivos:

-A produção chegou ao seu ponto máximo, tornando para o futuro impossível qualquer incremento constante de volume extraído.


-Inicialmente foi-se extraindo o petróleo de melhor qualidade, o situado em melhores localizações, e o mais facilmente refinável, sendo que agora fica aquele de piores características, em lugares mais remotos (plataformas em alta mar, Polo Norte, etc.), e moito mais difícil de processar (crus extra pesados da Venezuela, areias bituminosas do Canadá, etc.), fazendo que a Taxa de Retorno Energético (TRE), seja cada vez menor. É, a TRE, um conceito moi útil, define a relação que existe entre a energia utilizada para produzir um recurso e a própria energia que dele podemos aproveitar.

-Há novos países (China, Índia...) que estam aumentando suas demandas energéticas. E ainda para completar o panorama, os países exportadores estam retendo para seu mercado interno maiores quantidades do petróleo que produzem. Fazendo assim que a quantidade de barris realmente disponíveis nos mercados internacionais vaia diminuindo progressivamente.

Com todo o anterior podemos afirmar que o nosso actual modo de vida, e o nosso jeito de produzir alimentos, não vão poder continuar num mundo cada vez mais escasso de energia. Há um dado moi significo, calcula-se que em todo o processo da agricultura industrial é necessário empregar 9 calorias por cada caloria que chega efectivamente ao prato do consumidor. Se o subsídio energético dos combustíveis fósseis falhar a fome, ainda mais, é o resultado óbvio.

> **“O nosso actual modo de vida, e o nosso jeito de produzir alimentos, não vão poder continuar num mundo cada vez mais escasso de energia”**

O pico do Petróleo obriga-nos a olhar o futuro com uma outra mentalidade, e parte das estratégias necessárias para defronta-lo venhem sendo defendidas pelo Sindicato Labrego Galego desde fai anos.



A agroecologia, a dignificação do trabalho labrego, a Soberania Alimentar, a produção em base à terra, as redes de consumo, os mercados locais... se até agora as víamos como uma opção lógica e coerente, agora imos ter que começar a vê-las como estratégia de sobrevivência. Sobrevivência para nós como produtores de alimentos, e sobrevivência para o resto da sociedade que come do nosso trabalho. Não é pequeno o reto que defrontamos!

Sendo este artigo um simples esboço, desde a associação Véspera de Nada apelamos a que nos contacte qualquer pessoa que queira ampliar informação sobre esta temática. Também vimos de editar um livro *“Guia Para O Descenso Energético”* onde aprofundamos nesta problemática, ao tempo que são planejadas estratégias que nos poidam permitir sobrelevar os difíceis tempos que estão chegando.

FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables SL

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Tareixa Ledo Regal e Xabier Gómez Santiso.

COLABORACIÓNS
Xabier Gómez, Isabel Vilalba, Vera-Cruz Montoto, Berta Malvárez, Afonso Fernández Conde, Anxo Pérez Rúa e Antón Villarino.

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 580 449
prensa@sindicatolabrego.com
www.sindicatolabrego.com

COORDINACIÓN
Xosé García Rodríguez

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Xosé García Rodríguez

PECHE DE EDICIÓN 07-03-2014

DEPÓSITO LEGAL C-749/88

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Praza do Convento 2. ☎ 686 936 429
ARZÚA Padre Pardo 24, 1º D. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154
VALDEORRAS Praza do Concello, edificio sindical 2, 1º, O Barco. ☎ 988 321 511
VERÍN Travesía de Sousas 20, Galerías Maga. ☎ 988 590 438
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Adaxa. Calvo Sotelo 133. ☎ 679 457 264
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615
LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Gradín 1, baixo. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
SILLEDA Av. do Parque 32, centro comercial O Parque, of. 12. ☎ 986 580 526
PONTEAREAS Rúa Amieiros, portal 1º A, 1º C. ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edf. Rosales. ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 986 718 526

EDITORIAL

Unha Política Agraria Común no marco da soberanía alimentaria para o futuro

Consellería, Ministerio e Unión Europea veñen unha vez máis de gobernar en favor do capital, do desemprego, da especulación, da enfermidade e da precarización do traballo nas explotacións agrarias e gandeiras.

Fan oídos xordos ás demandas da sociedade de fomentar unha alimentación saudable, suficiente e de calidade, e accesible para toda a cidadanía, unha agricultura con moitos labregos e labregas que manteña o medio rural vivo, a natureza e a paisaxe, e mesmo a diversidade de culturas alimentarias que temos nos distintos territorios europeos. Semella que o gran obxectivo desta política agraria segue a ser: ter alimentos industriais a baixo prezo para que as multinacionais obteñan o maior lucro posible, malia que isto supoña pór na corda frouxa a maioría da agricultura e gandería europeas, e mesmo que a maioría dos fondos da Pac vaian aos petos de grandes terratenentes e empresas amigas.

Estes novos señores feudais, que nos quitan dereitos e someten á poboación, non saben, sen embargo, que este modelo industrial é absolutamente insostible, tanto dende o punto de vista social, económico ou ambiental, e que finalmente a sociedade faremos prevalecer o interese da cidadanía no seu conxunto e o ben común, a través de propostas como a Soberanía Alimentaria ou a consideración da alimentación como dereito humano universal.

A política Agraria Común que precisamos, con prioridade na produción da alimentación humana e animal para Europa e non para a exportación, debe promover modos alimentarios sans. Debe ser unha política que protexa a agricultura e a produción de alimentos de hoxe e de mañá, cun acceso equitativo á terra, que respecte a natureza e protexa recursos como o chan, a auga , a biodiversidade e o benestar dos animais, que garanta unha agricultura e produción alimentaria libres de transxénicos, fomente as sementes labregas e o coñecemento das culturas alimentarias locais. Fomenta a autonomía fronte a un modelo baseado no gran consumo de enerxías fósiles, deixando de promover a produción de agro-combustibles industriais e os alimentos quilométricos.

A cidadanía ten dereito a saber como se produce a súa alimentación, de onde procede, que contén e mesmo como se constrúe o prezo, polo que política agraria e alimentaria debe ter como un eixo básico a transparencia ao longo da cadea alimentaria. Para todo isto, é necesario:

> **“ A cidadanía ten dereito a saber como se produce a súa alimentación, de onde procede, que contén e mesmo como se constrúe o prezo, polo que política agraria e alimentaria debe ter como un eixo básico a transparencia ao longo da cadea alimentaria. ”**

A) Regular os mercados e a produción agrícola. Para manter unha agricultura sostible, as labregas e labregos -ante todo- deben obter prezos xustos e estables que cubran os custos de produción, polo que resulta imprescindible a xestión pública da oferta para equilibrar oferta e demanda, e evitar excedentes estruturais, cuestionando as regras actuais do comercio internacional. Cómpre formular novas medidas nun marco de soberanía alimentaria no que o compromiso de acabar con toda forma de dumping se combine co dereito de todas os pobos de protexerse das importacións a baixo custo.

B) Unha cadea alimentaria xusta e transparente. Para poder reducir o poder das corporacións multinacionais de produtos agrícolas e alimentarios e grandes supermercados, que cada vez determinan máis a alimentación e os prezos para xente labrega e cidadanía, e democratizar a cadea alimentaria; é necesario contar con instrumentos como leis de transparencia pública e distribución de beneficios na cadea, e un apoio proactivo a alternativas sostibles e locais.

C) Un sistema agrícola e alimentario sostible a nivel europeo. Os modos actuais de produción sumamente industrializados dos alimentos en Europa teñen graves consecuencias negativas para a xente labrega, para a poboación en xeral ou a natureza; como o aumento dos riscos para a saúde, o impacto negativo sobre o quecemento global, ou a contaminación do chan e da auga, polo que as formas de produción agro-ecolóxicas deben definirse como a forma de produción estándar na UE, e dirixir as políticas a apoiar fortemente este proceso.

D) Regras para os pagamentos directos. Unha cantidade máxima por activ@ agrícola e de acordo a criterios sociais e ambientais, en vez dos 39.000 millóns de euros do orzamento da UE que, en realidade, financian a industria europea de transformación e a exportación de alimentos aos mercados internacionais, garantíndolle baixos prezos que, finalmente, resultan ruinosos para a xente labrega europea e doutras partes do mundo.

E) Unha política rural, con investimentos en infraestruturas, planos de emprego rural para a diversificación das economías locais, apoio ás pequenas instalacións de transformación de alimentos, á venda directa e circuítos curtos, e ao desenvolvemento e mantemento de servizos públicos de calidade nas zonas rurais.

Unha proposta para o futuro e non para o fracaso.



FORMACIÓN ▸ O curso foi en Teixeiro con asistentes dunha ducia de concellos

30 persoas obteñen o título de aptitude empresarial agraria da man do SLG

No transcurso de 2013, o Sindicato Labrego desenvolveu en Teixeiro (Curtis) un curso de incorporación e aptitude empresarial agraria. Comezou en xullo e, por orde da Consellaría de Medio Rural, só puideron asistiron 30 alumnos e alumnas, polo que quedaron varias persoas en lista de espera. O alumnado veu de concellos como Aranga, Curtis, Sobrado, Vilasantar, Cesuras, Arzúa, Monfero, A Capela, As Pontes, Mesía, Ordes ou Irixoa e asistiron a clase até o 15 de febreiro, data da proba final que superaron todos e todas.



Tódolos e tódalas participantes do curso de aptitude empresarial agraria celebrado en Teixeiro superaron a proba final



O Seguro do Campo é a nosa vida, dende hai case 30 anos. A Nosa experiencia, ao teu carón, convértenos no **grande especialista en Seguros Agropecuarios** deste país e permítenos ofrecerche o mellor asesoramento e condicións para a escolla do teu Seguro.

En **AGROMUTUA** queremos premiar a túa confianza no sorteo, entre tódolos asegurados, de

12 PÓLIZAS TOTALMENTE GRATIS, unha cada mes, cun custe de póliza máximo de até 6.000 € cada unha.

Consigue a túa Póliza Gratis!

Para que desfrutes os 365 días de Tranquilidade, GRATIS!

Bases da Promoción en **www.agromutua.es/promo**

902 50 44 43 www.agromutua.es

AGROMUTUA
O Noso Seguro en Tódolos Campos

VACÚN DE CARNE ▸ As axudas comunitarias destinadas a este sector pasarán dos 334 millóns de euros en 2013 a 188 millóns para o período 2015-2020

Campaña da Dirección da Carne para que manteñan as primas por nutrices

Este órgano do SLG coordinado por Xosé Luís López Galán mantivo unha xuntanza en Lugo o pasado 8 de xaneiro

Boa parte da xuntanza mantida pola Dirección da Carne do SLG virou ao redor dos principais cambios que trae a reforma da Política Agraria Común (PAC) para o período 2015-2020. O principal é un drástico recorte de máis da metade dos orzamentos que cubrían os pagamentos acoplados por vacas nutrices, pasándose dos 334,9 millóns de euros de 2013 a 188 millóns para 2015-2020. Trátase dun pau exclusivo ao vacún de carne, xa que noutros sectores gandeiros os orzamentos soben (ver táboa).

Esta retallada xa foi denunciada pola secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, ao ministro de Agricultura nun encontro mantido en Ourense o pasado 15 de xaneiro. Nesa xuntanza, Isabel Vilalba advertía do impacto negativo que a medida



Xosé Luís López Galán, responsable da Dirección da Carne do SLG

tería en zonas desfavorecidas de montaña, onde a gandería de vacún para carne é unha das principais actividades económicas, por no dicir a única en moitas ocasións.

Diante da transcendencia deste recorte, a Dirección da Carne do SLG defenderá que, aínda que non suba o orzamento para as primas por vaca nutriz, cando menos non baixe, pois "significaría a condena definitiva de moitas explotacións". Por iso, nos vindeiros meses farase unha campaña informativa no sector, con xuntanzas e asembleas, para defender esta postura, e estase barallando a posibilidade de organizar mobilizacións.

Noutros problemas específicos do sector da carne de vacún, a Consellaría de Medio Rural segue sen facer nada, polo que cuestións como a fraude nas pesadas dos matadoiros, os sacrificios de urxencia, os danos da fauna salvaxe ou a desfeita provocada nos camiños por todoterreos e quitas de madeira, seguen sen resolver. A única novidade ao respecto é que descendeu significativamente a praga dos xabarís, pero está a aumentar visiblemente a poboación de lobos.

En canto aos custes da actividade no sector, os gastos en alimentación animal baixaron significativamente no último semestre, mentres que o gasóleo e a electricidade seguiron subindo. Respecto dos prezos de venda "mantéñense nun nivel aceptable dentro da normalidade".

ASIGNACIÓN ORZAMENTARIA DA PAC AOS SECTORES GANDEIROS (en millóns de euros)

SECTOR	2013		2015-2020
Vaca nutriz	Prima vaca nutriz:	261	188
	Prima complementaria vaca nutriz:	26	
	Art. 68 (desavantaxes específicas):	47,9	
	TOTAL vaca nutriz:	**334,9**	
Vacún de cebo	Art. 68 (mellora de calidade da carne):	7	41
Vacún de leite	Art. 68 (desavantaxes específicas):	53,4	93
	Art. 68 (mellora da calidade):	3,9	
	TOTAL vacún de leite:	**57,3**	
Ovino	Art. 68 (desavantaxes específicas):	26,5	155
	Art. 68 (mellora da calidade):	6,8	
	TOTAL ovino:	**33,3**	
Cabrún	Art. 68 (desavantaxes específicas):	4,4	9

LEITE ▸ Xuntanza da Dirección sectorial do SLG

A suba de custes e o maior gasto en insumos minguan a mellora de prezos no sector lácteo

A Dirección do Leite do Sindicato Labrego Galego mantivo unha xuntanza en Sesmonde, Curtis, o pasado 13 de febreiro. Entre os puntos tratados no encontro, houbo unha delongada análise da situación actual do sector lácteo, que se caracteriza polo aumento dos prezos do leite en orixe, pero tamén dos custes de produción (servizos, carburantes, electricidade, produtos de limpeza...); en canto aos pensos, o seu prezo mantense a pesares da baixada das materias primas.

En canto á produción, está a aumentar de maneira xeneralizada, o cal podería provocar un descenso dos prezos a curto prazo e xa está a causar un incremento nos custes de produción por aumentar o gasto de insumos. Un bo exemplo é Feiraco, que aumentou a produción de leite ao tempo que triplicou a venda de pensos.

Respecto dos contratos, estase xeneralizando. Aínda así, dende a Dirección do Leite do SLG advírtese que iso non ofrece case garantías ás explotacións. A parte fixa do prezo segue a ser baixa, incrementándose este por calidades e incentivos que se poden utilizar polas industrias para baixar o prezo sen incumprir o contrato.

Tamén se chamou a atención sobre o feito de que a bonanza nos prezos estea a ocultar os problemas de sempre no sector. Por iso, dende o SLG se vai seguir traballando na liña de reivindicar mecanismos que garantan a estabilidade, como contratos a máis longo prazo que contemplen as subas e baixadas estacionais e garantan un prezo mínimo que cubra os custes de produción e unhas marxes de ganancia dignas.

HORTA, FROITA e FLOR ▸ O Sindicato Labrego Galego presentou unha serie de peticións para paliar os danos e defendeunas diante da directora xeral de Producións Agropecuarias o 26 de febreiro

Medio Rural abandona ás explotacións agrarias damnificadas polos temporais

Dende a Xunta porfian en que as explotacións contraten seguros que non está adaptados á realidade galega



A sucesión de temporais que asolou Galiza deixou un ronsel de estragos nas nosas agras. Nesta páxina, leiras anegadas na Limia; na seguinte, invernadoiro destrozado na parroquia dos Vilares (Guitiriz) e almacén de pataca limiao a piques de ser asolagado

En xaneiro, o Sindicato Labrego Galego solicitaba unha reunión de urxencia con responsables da Consellaría de Medio Rural para tratar a crise provocada polos estragos dos últimos temporais nas explotacións agrogandeiras galegas, especialmente nas de horta. A resposta da Xunta non se fixo agardar e celebrouse unha xuntanza coa directora xeral de Produción Agropecuaria, Patricia Ulloa, e o subdirector xeral de Apoio ás Explotacións, Nicasio Mejuto; á que acudiron o responsable do sector de Horta, Froita e Flor do SLG -Miguel Méndez-, e a técnica Conchi Mogo. Deste encontro, que se celebrou o 26 de febreiro, do mesmo xeito que na posterior Comisión de Agricultura do Parlamento de Galicia do 28 de febreiro, pouco se sacou en limpo, xa que en Medio Rural seguen convencidos de que son os seguros agrarios deben cubrir este tipo de vicisitudes.

Dende o SLG explicóuselle a Patricia Ulloa a vella problemática de que o meirande das liñas de seguro para o agro non están adaptadas á realidade galega e que, por esta razón, son moi poucas as explotacións que os contratan. A pesares diso, dende a Consellaría de Medio Rural non deron o brazo a torcer e negáronse a crear unha partida orzamentaria para apoiar ás explotacións que sufriron os estragos dos temporais. Patricia Ulloa remitiu calquera posible axuda directa ás que vai poñer en marcha o Ministerio de Agricultura e que só beneficiarán a unha listaxe de concellos afectados e a casos moi restrinxidos que, con toda probabilidade, se limitarán aos costeiros e se esquecerá do meirande dos estragos acontecidos no interior e no rural.

O único positivo que se tirou desta xuntanza foi o compromiso da directora xeral de Produción Agropecuaria de traballar novas propostas de seguros agrarios para Galiza no futuro e de estudar a posibilidade de dar preferencia ás explotacións damnificadas á hora de conceder as axudas dos plans de mellora, sempre e cando o orzamento non chegue para atender tódalas solicitudes. O resto das propostas do Sindicato Labrego Galego perdéronse en respostas vagas e sen concreción ningunha.

“Darnos os seguros como saída aos danos é o mesmo que mandarnos producir a Marte”

Para o responsable da Dirección de Horta, Froita e Flor do SLG, a fraca reacción da Consellaría de Medio Rural supón un desprezo total polo campo e polos labregos e labregas. “Vemos nos titulares dos medios de comunicación axudas para recompoñer paseos marítimos ou obras que se fan sen sentido, quitándolle ao mar un espazo natural que despois recupera; e para o campo, para asegurar a produción de alimentos en Galiza, nada de nada”, critica Miguel Méndez. Para este labrego de Vedra “está ben que nos reciban, mais a Consellaría terá que comezar a facer algo de política e non deixarnos á marxe de todo. É moi difícil que o rural se recupere e que a xente moza vexa o campo como un lugar de traballo con futuro, cando recibimos este desprezo total por parte das institucións”.

Finalmente, Miguel Méndez considerou que “darnos os seguros como saída aos danos dos temporais, cando saben que non hai pólizas contratadas, é o mesmo que mandarnos producir a Marte. Non hai seguros contratados, polo que só nos queda facerlle fronte ás perdas as propias persoas que as sufrimos, sen capacidade financeira para facelo ou, simplemente, contar os días que nos restan como activos agrarios”.

Méndez recordou que os problemas das nosas explotacións “non son cousa só dos labregos e labregas. Son un problema de toda a sociedade galega, e teremos que implicarnos en defender o futuro das fincas agrarias se non queremos, dentro de pouco, ser completamente dependentes de fóra para alimentarnos”.

SEGUE ▸

A desfeita vai dende os grelos e as nabizas de Betanzos até o trigo e o centeo da Limia





Se no anterior Fouce dabamos conta da avaliación negativa que fixo do ano 2013 a Dirección de Horta, Froita e Flor do SLG; no arranque de 2014, as cousas foron a peor por mor dos estragos causados polos temporais e a intensidade das choivas.

A comezos de xaneiro, dende o Sindicato Labrego Galego facíase un chamamento á Consellaría de Medio Rural para que habilitase, con carácter de urxencia, un plano para avaliar e paliar os fortes danos nas explotacións agrarias e gandeiras ocasionados pola chuvia e polo vento dos temporais que asolaron Galiza durante o Nadal. Diante da falla de resposta da Xunta e da continuidade dos temporais, o SLG rexistrou unha petición oficial o 31 de xaneiro.

Nas oficinas do SLG de diversas comarcas puidemos constatar que os fortes refachos de vento, que chegaron aos 185 km/hora en ocasións, produciron graves danos nas estruturas dos invernadoiros, en cubertas de naves agrícolas e gandeiras, así como en diferentes infraestruturas. Ademais, as chuvias, con rexistros de máis de 139 litros/m^2, tamén orixinaron graves danos nos cultivos, asolagamento de explotacións, corrementos de terras, etc. A todo isto, aínda houbo que engadir os danos ocasionados por cortes prolongados de subministro eléctrico en moitas comarcas.

Hai que ter en conta que no sector da horta, un dos máis danados polos temporais, hai unha problemática xeral co alto custe e falta de adaptación dos seguros agrarios á realidade das explotacións galegas, o que fai que moitas non teñan ningunha póliza ou cobertura para este tipo de danos. Tendo en conta que no ano 2013 as condicións meteorolóxicas xa ocasionaron fortes atrasos nas colleitas e, despois, unha forte caída da produción, danos deste calibre poden supoñer o peche de moitas explotacións de non tomarse as medidas oportunas.

A rotura de plásticos de invernadoiros é un dos problemas que máis se repite, e o seu custo de reposición resulta moi elevado. Mesmo houbo chuvias e sarabias que arrasaron diferentes cultivos moi importantes nesta época do ano como os grelos ou as nabizas. Os produtores e produtoras de varias comarcas como Betanzos consideran que as perdas na colleita de grelos pode superar o 30%.

Na Limia, as intensas e continuadas choivas estragaron os cultivos de cereal de inverno. Aínda que foron as inclemencias climatolóxicas as causantes destas perdas, o técnico do SLG na comarca, Anxo Pérez Rúa, apuntou tamén a responsabilidade de diversas administracións ao non manter limpas as canles de drenaxe das fincas. Anxo Pérez denuncia que os concellos, as consellarías de Medio Rural e Medio Ambiente e a Confederación Hidrográfica non se poñen de acordo sobre quen é o responsable desta limpeza. Así as cousas, as canles fican obstruídas con maleza, creándose diques de contención que reteñen a auga e axudan a empozar as leiras en troques de desaugalas. Por se non abondase, non hai seguros agrarios que cubran o cultivo de cereal nesta época do ano.

Unha queixa xeneralizada tivo que ver coas deficiencias no subministro eléctrico. Comezan a ser habituais en moitas comarcas prolongados cortes de luz que ocasionan importantes danos. Dende o SLG consideramos que a Administración debe facer unha avaliación de todos estes danos e esixir que as empresas subministradoras se comprometan a ter a rede en mellores condicións, garantindo o subministro, e mesmo asumindo as responsabilidades dos prexuízos causados. Un dos múltiples exemplos do que tivemos constancia foi o da parroquia de Cabaleiros (Tordoia), onde chegaron a pasar 3 días sen luz, algo que denota a deixadez das empresas eléctricas e da Administración.

SEGUE ▸

Os sectores esquecidos da Política Agraria Común

No documento presentado diante da Consellaría de Medio Rural, ademais dos estragos dos temporais, o SLG aproveitou para denunciar as desavantaxes comparativas que sofre o sector de horta con respecto a outras actividades agrogandeiras. Para empezar, o sector hortofroiteiro e o da floricultura carecen de axudas da Política Agraria Común (PAC). Tampouco teñen as explotacións de horta sistemas para regular minimamente os prezos ou o mercado, como acontece noutros sectores (mesas sectoriais, etc.), de maneira que as nosas producións se ven obrigadas a competir en condicións de desigualdade contra produtos a baixo prezo de terceiros países onde non se cumpren as condicións laborais ou sanitarias da Unión Europea. Chama a atención que dende a Xunta ou o Ministerio non apoien e potencien máis un sector que é o máis solicitado para incorporacións de xente nova á actividade agraria e que, polo tanto, é unha saída laboral con futuro no actual contexto de crise.

No encontro entre o SLG e a Consellaría de Medio Rural, o 26 de febreiro, puxemos enriba da mesa varias medidas:

1. A posibilidade de crear unha liña extraordinaria de axudas para reparar as instalacións agrarias destruídas polos temporais, compensar os cultivos estragados, e financiamento especial para dotar de liquidez ás explotacións.

2. Crear mecanismos administrativos que compensen esa falla de liquidez como bonificacións ou gratuidade nas cotizacións á Seguridade Social durante un período de tempo determinado.

3. Posibilidade de crear axudas específicas e estables para o sector da horta, froita e flor que compensen as desavantaxes manifestas que padecen con respecto a outros sectores agrogandeiros e fronte á competencia desleal no mercado con producións de terceiros países.

4. Dar preferencia ás explotacións afectadas polos temporais á hora de acceder a certas liñas de axudas, como as do Plan de Mellora das Explotacións Agrarias.

5. Analizar a problemática dos seguros agrarios para adaptar o seu custe e a cobertura que proporcionan á idiosincrasia das explotacións do noso país. **FIN ■**

SECTORES GANDEIROS ▸ Das 1065 solicitudes de renovación, a Consellaría só deu o visto bo a 158 explotacións, denegándolle os cartos a 907

Medio Rural deixa sen axudas á cría de razas autóctonas ao 85% das granxas

A partida prevista de 350.000 euros iniciais foi recortada en máis de 100.000 polo Ministerio de Agricultura

A Consellaría de Medio Rural vén de consumar un esperpento coas axudas destinadas ao fomento de sistemas de produción de razas gandeiras autóctonas en réxime extensivo, ao denegarlle a subvención a 907 explotacións, o que supón o 85% das solicitantes.

O motivo principal desta denegación masiva foi o drástico recorte de fondos para fornecer estes apoios económicos (para 681 explotacións, o 75% das que se lles denegaron a axuda, o motivo da súa exclusión foi "extinción do crédito"). Cómpre non esquecer que esta convocatoria se fixo a finais de 2012 e tivo que ser suspendida pola propia Xunta debido a que, o 28 de decembro de 2012, "non constaba ningún ingreso efectivo por dito concepto no Tesouro da Xunta de Galicia por parte do Ministerio de Agricultura". En xaneiro, o Ministerio ingresou os cartos, pero dos 350.000 euros con que se contaba, houbo que conformarse con 237.872.


A raza Cachena era unha das beneficiadas destas axudas desmanteladas

Estas axudas naceron en 2008 para apoiar a aquelas explotacións que apostan pola cría de gando de razas autóctonas durante 5 anos; a cambio da subvención, as granxas beneficiarias tiñan que cumprir requisitos ambientais e de benestar animal. As sucesivas convocatorias de cada ano só debían renovar o compromiso das explotacións con eses requisitos para cobrar. Sen embargo, os fortes recortes deixan agora ao meirande das explotacións que tiñan dereito a cobrar a axuda sen un céntimo. Cómpre lembrar que estas axudas beneficiaban, sobre todo, a familias gandeiras de zonas desfavorecidas de montaña en Lugo e Ourense que son o único motor económico de amplas bisbarras do noso rural que, sen esta actividade gandeira, estarían deshabitadas.

No contexto actual, no que os custes de produción das actividades gandeiras sufren unha alza imparable, con prezos en orixe estancados ou á baixa, as explotacións dependen máis que nunca de axudas públicas coma estas para ter liquidez e uns ingresos suficientes.

Dende o SLG condenamos este novo recorte que afonda nas agresións que está a sufrir un dos nosos sectores agrogandeiros máis vulnerables e as formas en que se fixo. Supón un desprezo e unha burla para todo un sector que se convoquen unhas axudas, se obrigue a centos de explotacións a realizar todos os trámites e gastos necesarios para presentarse a elas e, tras anular e volver recomezar o proceso, se deixe fóra ao meirande das solicitantes por falla de fondos.

XERTIGÁN ▸ Segue o concurso de acredores

Compensación para as socias e os socios da cooperativa que reclamaron

Os gandeiros e gandeiras da cooperativa Xertigán que, baixo o asesoramento do Sindicato Labrego Galego, presentaron reclamación no marco do concurso de acredores, están comezando a apañar os froitos da súa iniciativa. En total, foron 23 as persoas socias que reclamaron asesoradas polo SLG e que veñen de acadar a compensación xudicial, de maneira que as débedas que tiñan coa cooperativa por servizos ou insumos consumidos serán descontadas da débeda que a cooperativa mantén con elas.

Isto é moi importante, xa que as explotacións ás que Xertigán lles debe entregas de leite poderían terse atopado, de non reclamar, con que a cooperativa non tivese fondos para pagarlles e, por riba, si tivesen que pagar elas os cartos que lle debían a Xertigán. Polo xeral, a débeda da cooperativa coas explotacións é moito maior que e viceversa, polo que o meirande da xente puido acollerse ao proceso de compensación.

Segundo a responsable do SLG na Terra Chá, Margarida Prieto Ledo, "foi fundamental que as explotacións de leite pedisen a compensación, pois as granxas tiñan varias entregas sen cobrar por valor de moitos miles de euros". A débeda total da cooperativa Xertigán ascende a 2.964.885 euros, mentres que os seus dereitos de cobro son de 922.249 euros. Con estes números, é previsible que as explotacións que non reclamaron se atopen non só con serios problemas para cobrar o que se lles debe, senón que estarán obrigadas a saldar os seus débitos con Xertigán, na maioría dos casos errados á alza.

FE DE ERRATAS ▸ No texto sobre Leopoldo

Na páxina 17 do Fouce 299, aparece unha imaxe de grupo con Moncho Valcarce á esquerda. No pé de foto afirmamos que a persoa da dereita é Leopoldo López Rego, o cal é erróneo. A imaxe foi extraída do libro *"Moncho Valcarce. Un símbolo para Galiza"* e a confusión veu dada pola coincidencia entre o nome de pila desta persoa e o de López Rego, a quen estaba dedicada a nosa reportaxe.

TARIFAZO ELÉCTRICO ▸ Os custes fixos da factura da luz incrementáronse en máis do 1.000%

A reforma eléctrica fai perigar a agricultura con regadío

O tarifazo eléctrico do Ministerio de Industria vai pór en apuros a bisbarras como a da Limia, cuxos cultivos dependen dun regadío que funciona, en boa parte, con motores eléctricos. Segundo denunciou a Federación Estatal de Regadores (Fenacore), dende 2008, a factura da luz para o regadío encareceuse nunha media superior ao 80%, en grande medida polo incremento dos custes fixos, que foi superior ao 1.000%. No conxunto do Estado, o regadío pasou de pagar 389 millóns de euros anuais en electricidade, hai 6 anos, a gastar agora 700.

FRUTICULTURA ▸ Da man do Sindicato Labrego Galego, o Val de Lourenzá está a recuperar un dos seus sinais de identidade agraria: o cultivo de froiteiras. Tras seis anos de andaina, un proxecto de recuperación de variedades autóctonas leva máis dun milleiro de árbores plantadas coa implicación de 150 persoas.

En busca das froiteiras perdidas

Até mediados do século pasado, o Val de Lourenzá era coñecido pola súa produción froiteira de calidade. Un microclima privilexiado e unha agricultura tradicional moi diversificada, propiciaban que tódalas casas dedicasen unha parte do seu traballo á produción froiteira, tanto para autoconsumo como para vender en grandes feiras da contorna, como as de Ribadeo ou Mondoñedo.

Despois viría esa mal entendida modernidade coa especialización, os monocultivos -nomeadamente praderías e eucaliptais- e un proceso xeneralizado de concentración parcelaria que arrasaría coas árbores froiteiras do municipio e extinguiría un xeito de producir que singularizaba a agricultura dos eidos laurentinos.

Da man do Sindicato Labrego Galego, hai 6 anos naceu unha experiencia que ten por obxectivo reverter esta grande perda patrimonial e recuperar o cultivo das froiteiras no Val de Lourenzá. Mais o proceso non foi doado. Lembra Antonio Villarino, coordinador do SLG na Mariña, que, ao comezo, "cumpría localizar o maior número de variedades posibles para recuperalas e reproducilas.

En Lourenzá partimos da problemática derivada dos procesos de concentración parcelaria, moi demorados no tempo, que non só truncaron a cultura de plantar froiteiras, senón que arrasaron coas que xa estaban plantadas. Normalmente, as froiteiras plantábanse na beira das fincas; ao facer o proceso de concentración e reagrupalas, moitas ficaron no medio das novas propiedades, causando molestias aos novos propietarios á hora de traballar con maquinaria e tractores, razón pola que as cortaron".



A recuperación de froiteiras autóctonas compleméntase coas actividades e prácticas formativas no campo

Outro problema foi o da perda da cultura das froiteiras, que sobrevivía só na memoria da xente maior. Houbo que localizar a persoas que informasen o proceso de recuperación e axudasen a localizar exemplares das froiteiras de antano. Grazas a esa sabedoría, salváronse os derradeiros exemplares de especies como a Cerdeira dos Cregos, ou a Maceira Foxá; o único plantón desta última foi achado baixo as silveiras no medio dun eucaliptal.

Villarino conta que os e as informantes son persoas de máis de 60 anos, o que fai do proceso de recuperación da memoria froiteira case unha carreira contra o reloxo. Sen ir máis lonxe, dúas das que máis teñen achegado á experiencia, Pepe de Mel e Suso de Barreira, xa morreron "levando canda eles un saber e uns coñecementos irrecuperables de valor incalculable".

Alternativa de calidade para un país que só produce o 10% da froita que consume

Baixo o asesoramento de Ramiro, xerente do viveiro O Pomariño (A Capela), xa levan recuperado un bo feixe de variedades. Ao comezo, empezaron coas cerdeiras e ameixeiras, e agora vén a quenda de maceiras e pereiras. Cando atopan unha variedade autóctona, enxértana en diversos patróns e despois distribúen as plantas entre as persoas interesadas en cultivalas. O labor de busca e recuperación de especies compleméntase con actividades formativas ao redor do enxerto, reprodución e coidado das árbores.

A día de hoxe, as 150 persoas que participan no proxecto xa levan plantado máis dun milleiro de froiteiras en diversos concellos, algunhas mesmo coa intención de producir a escala comercial no futuro. Para Villarino, "a froita autóctona ten moitas posibilidades de venda, sobre todo en mercados locais, como alternativa de calidade á froita homoxeneizada e insulsa dos supermercados. A froita autóctona é moi apreciada pola diversidade e intensidade dos seus sabores e creo que pode ser unha actividade moi rendible e un bo complemento". Neste senso, o coordinador do SLG na Mariña recorda que "de toda a froita que se consume na Galiza, só producimos aquí o 10%, fundamentalmente kiwi, castaña e mazá de sidra. O resto vén de fóra. Por iso hai un potencial enorme na produción propia dende un punto de vista económico, e é unha necesidade se queremos avanzar cara á nosa soberanía alimentaria".

MOVEMENTOS CIDADÁNS ▸ Miles de persoas manifestáronse o 26 e 27 de febreiro nas cidades galegas para protestar contra as políticas de recortes

A cidadanía toma as rúas e prepara as Marchas da Dignidade do 22 de marzo

O SLG participou como membro tanto das Marchas iniciadas na nosa terra como da Alianza Social Galega





Miles de galegos e galegas saíron á rúa o 26 e 27 de febreiro convocados pola ASG e polas Marchas da Dignidade en cidades como Ourense (abaixo) ou Vigo (Arriba)

Os días 26 e 27 de febreiro, o meirande do tecido cívico galego levou a cabo unha vaga de manifestacións para protestar contra as políticas de recortes dos gobernos do Partido Popular en materias como sanidade, educación, pensións ou dereitos.

O 26 de febreiro, tiveron lugar concentracións na Coruña, Ferrol, Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa, para apoiar as Marchas da Dignidade que confluirán en Madrid o vindeiro 22 de marzo vidas dende tódolos territorios do Estado. O arranque do manifesto asinado polas organizacións que integramos a Plataforma Galega de Apoio ás Marchas da Dignidade era ben clariño: "Apoiamos as Marchas ante o gravísimo deterioro das condicións de vida do pobo, provocado porque os poderes financeiros e os seus lacaios, os representantes políticos, están destruíndo as conquistas que tanto suor e mesmo sangue custaron: empregos minimamente dignos, sanidade, educación, servizos sociais básicos, prestacións por desemprego, cultura, vivenda, transportes públicos, etc., están desaparecendo coa escusa dunha crise que é a coartada que xustifica todo tipo de desmandos".

Por outra banda, o 27 de febreiro, a Alianza Social Galega organizou e levou a cabo mobilizacións nas principais cidades e vilas galegas. Baixo o lema "Por outra saída da crise", dende a Alianza Social Galega fixemos público un manifesto para esixir dos gobernos políticas alternativas aos "recortes impostos polo PP que só aumentan aínda máis o paro, a emigración, os desafiuzamentos, o empobrecemento e a exclusión social de máis galegos e galegas".

Dende a ASG denunciamos que, na Galiza, "xa superamos as 271.500 persoas paradas que queren traballar e non atopan emprego; case o 45 % carecen de cobertura de ningún tipo; 77.164 persoas entre 25 a 34 anos abandonaron Galiza nos últimos anos (unha media de 30 persoas por día). Á destrución dos sectores produtivos básicos (agrario, pesqueiro, etc.) e do sector industrial (con especial gravidade no naval) e a desertización do medio rural, engádese o desmantelamento do sector financeiro galego".

Todo isto vese agravado polos recortes orzamentarios da Xunta para 2014, cunha baixada do 10% para políticas de emprego, ademais de minguas importantes no financiamento da sanidade, educación e servizos sociais.

Podes acceder aos manifestos completos dos que fala esta información nos seguintes enlaces de Internet: **Marchas da Dignidade** ▸ (http://marchasdadignidade.blogspot.com/p/manifesto.html) **Alianza Social Galega** ▸ (http://www.sindicatolabrego.com/index.php?s=3&i=999)

MINAS ▸ Alegacións á avaliación ambiental do Plan Xeral de Urbanismo

O SLG irá aos tribunais se Cabana declara Corcoesto solo de servizos común

O Sindicato Labrego Galego rexistrou unha serie de alegacións á avaliación ambiental estratéxica do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Cabana de Bergantiños, dentro do prazo aberto pola Consellaría de Medio Ambiente. No documento rexistrado, que se suma aos doutras organizacións presentados no mesmo senso, o SLG denuncia que os terreos que abrangue o proxecto mineiro de Corcoesto teñen a cualificación de xeral, o que supón "unha vía encuberta para impoñer a mina de Corcoesto".

Tirando a súa argumentación de numerosos textos legais como a Lei de Montes de Galicia, a de Patrimonio Natural e Biodiversidade, a de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural ou a de Ordenación do Territorio, o Sindicato Labrego Galego demostra que os terreos onde se pretende realizar a explotación mineira son, e así deben figurar no PXOM de Cabana, solo rústico de especial protección forestal.

O SLG tamén incidiu no impacto que tería a mina nas actividades agrogandeiras, xa que as 400 hectáreas de monte afectado "forma parte da superficie territorial das explotacións gandeiras da zona, contribuíndo á súa viabilidade económica".

Ao final do documento, o SLG advirte á Xunta "que acudirá aos tribunais na defensa da legalidade e dos seus intereses propios e veciñais de ser o caso, coa fin de frear o despropósito que se pretende neste documento de inicio da avaliación ambiental estratéxica do futuro PXOM do Concello de Cabana de Bergantiños".

LEI DO SOLO ▸ O pasado 28 de xaneiro, celebrouse unha comisión de estudo no Parlamento de Galicia de cara a reformar unha lexislación da que dependerá o grao de proteccion que se lle dea á terra agraria

O SLG defende unha Lei do Solo que protexa as actividades agrogandeiras

Representada por Xosé Ramón Cendán, a nosa organización foi convidada para facer achegas ao novo texto legal

A aposta do SLG nesta comisión foi a de traer unha serie de ideas básicas que debería respectar a nova Lei do Solo, en troques dun texto alternativo e pechado; e a de propor o inicio dun proceso de diálogo entre partidos políticos e organizacións agrarias e sociais para tentar chegar a unha lei que parta do consenso e aprobación de todos e todas.

O primeiro punto no que incidiu Xosé Ramón Cendán foi o de dotar á nova normativa dun criterio de sostibilidade que vertebre tódolos seus artigos. Neste senso, defendeu a prioridade da restauración de vivendas fronte ás construcións novas, ou a aposta por recuperar a superficie agraria útil (SAU) na Galiza de cara a asegurar a nosa seguridade e soberanía alimentarias.

✓ Galiza, entre os países con menor superficie agraria

En relación co devandito, Cendán lembrou que, dende a nosa entrada na Comunidade Económica Europea, Galiza perdeu un terzo da súa SAU, pasando de ter un 31% do seu territorio destinado a fins agrarios ao actual 21%. Ao fío disto, denunciou que Galiza teña un dos ratios máis baixos da Unión Europea en SAU, só comparable ao dos países escandinavos. Por exemplo, Dinamarca ou os Países Baixos teñen un 60% do seu territorio como SAU, mentres que en Francia ten o 50%, e no resto de países comunitarios anda ao redor do 40%.

Cendán alertou que, coas mudanzas xeoestratéxicas que se están a producir a escala global, co encarecemento da enerxía e dos carburantes e con só un 21% de SAU, Galiza quedaría nunha situación moi vulnerable se segue a depender dun xeito tan acusado do exterior para fornecerse de alimentos. De seguirmos este camiño, "corremos perigo de quedarmos sen soberanía nin seguridade alimentarias", advertiu Cendán. Para o SLG, Galiza debería contar, como mínimo, cun terzo do seu territorio como SAU de especial protección agropecuaria que non puidese ser vulnerado por outras lexislacións sectoriais como as referidas á explotación enerxética e mineira.



Xosé Ramón Cendán foi o encargado de falar diante da comisión parlamentaria

A terra agraria debería ter un valor acorde aos ingresos que xera a profesión labrega

Relacionando o anterior coa Lei do Solo a debate, Xosé Ramón Cendán avogou pola necesidade de dotar de especial protección na nova lei ao solo destinado a fins agrícolas, gandeiras ou forestais. Neste senso, criticou que o texto legal analizado dedique boa parte do seu articulado a definir as diversas castes de solo urbano, pero que ás penas afonde no 88% do territorio galego que é rural. Isto non se pode admitir cando nesa superficie do territorio galego se está a desenvolver a principal actividade económica do país, tanto en riqueza xerada como en creación de postos de traballo, que é a do sector primario vinculado á terra. Só o sector agrario representa máis do 14% da nosa economía, e iso sen falar da súa importancia como factor estrutural do territorio.

Xosé Ramón Cendán tamén advertiu sobre os perigos da especulación urbanística nos núcleos rurais e amosouse partidario de prohibir a construción de urbanizacións nos mesmos. Defendeu a súa proposta argumentando que o prezo do solo agrario debe ter uns niveis en consonancia cos ingresos xerados polas actividades agrícolas e gandeiras. Se deixamos leiras e praderías ao arbitrio da especulación urbanística, os prezos da terra soben artificialmente e imposibilitan a labregos e labregas o acceso a unha base territorial suficiente para desenvolver a súa actividade.

Para que os núcleos rurais teñan un desenvolvemento normal, debería autorizarse só a construción de novas vivendas unifamiliares, pero non de urbanizacións. Ao fío disto, tamén sería conveniente permitir as construcións en solo rural fóra de núcleo só de xeito excepcional e cando realmente fosen necesarias. "Se creamos as condicións indispensables de calidade de vida nun núcleo rural, moita xente que teña a súa explotacións nas inmediacións podería acabar tendo máis interese en construír a súa vivenda no propio núcleo que a carón da granxa. Pero, para iso, teriamos que promover os servizos urbanísticos mínimos e indispensables nos núcleos rurais", afirmou Cendán.

Finalmente, o representante do Sindicato Labrego Galego defendeu que a redacción da nova lei se basee na simplicidade, para que sexa accesible e comprensible polo meirande da cidadanía, e remate coa complexidade consecuente de termos varias fontes legais -estatais, autonómicas e locais- para regular os usos do solo.

Da “vietnamita” á rotativa:

O pasado mes de novembro de 2013, o Fouce cumpría 40 anos de actividade ininterrompida dende que se publicase o primeiro número en 1973. Ese xermolo editorial clandestino, nos estertores da ditadura franquista, concretaríase na aparición de 18 números até que as Comisións Labregas se legalizaron e o noso periódico deixou de estar prohibido. Nese intre -corría 1977- púxose o contador a cero e, até hoxe, foron publicados 300 números en 35 anos.



Unha das persoas máis implicada na creación do movemento político e agrario do que xurdirían os Comités de Axuda á Loita Labrega e as Comisións Labregas, Ramón Muñiz, explica por que se elixiu a cabeceira de Fouce para o medio de expresión deste fervedoiro de loita e rebeldía. “O nome de Fouce provén da conxunción de tres elementos que sintetizaban a ideoloxía que mantiñamos os que, na época, eramos responsábeis deste movemento labrego: o nacionalismo, o marxismo e o agrarismo”. Ademais, “a cabeceira da revista inspirouse n'A Fouce (periódico galego editado en Bos Aires en 1926) de natureza radicalmente nacionalista”.

Un dos artífices da edición dos primeiros números de Fouce fora Carlos Díaz Martínez, quen había deseñar as primeiras portadas. Carlos recorda que, como militante da Unión do Pobo Galego (UPG) lle fixeran o encargo, en xullo de 1973, de realizar os clixés. Como vivía emigrado en Xenebra (Suíza) “os materiais foron introducidos clandestinamente na Galiza polo compañeiro Ramón Muñiz e serviron para as primeiras edicións con técnicas artesanais. Despois, dende xuño de 1974, militantes da UPG exiliados en Porto (Margarida Ledo Andión e Carmiña Graña) artellaron o aparato técnico para a produción dos clixés”.



De toda a prensa clandestina galega, explica Carlos Díaz, o Fouce foi “a publicación que máis incidencia socio-política tivo. Por diversas razóns: regularidade na súa publicación (18 números en 3 anos, case bimestral); espallamento de ámbito nacional; ser a única publicación que nestes anos intervén directamente nos problemas do medio rural e posuír contidos redaccionais directamente asumidos polos lectores/protagonistas”.

“Nos primeiros números”, lembra Muñiz, “a precariedade de medios obrigaba a miúdo a recorrer á vietnamita para a súa edición. A revista discorría en intervalos de dous ou tres meses e espallábase por todo o campo galego das máis diversas formas, por correo, de man en man, polas portas das casas, nos lugares de reunión das aldeas, nos adros das igrexas, nas feiras...”.

Nunha segunda etapa do Fouce da clandestinidade, durante 1975, “mellórase a tirada, conseguíndose clixés electrónicos e multicopistas eléctricas. Os intervalos de saída vanse reducindo até chegar a ser practicamente mensuais no ano 1976”.



A legalización das Comisións Labregas en 1977 trae canda si un novo deseño para o Fouce. Inicialmente, múdase a unha cabeceira de transición e sen gráficos que, por primeira vez, imprime o nome de Sindicato Labrego Galego. A finais dese ano, o Fouce adoptará unha cabeceira máis estable, na parte superior da portada, na que se ve o nome da publicación e o logotipo da fouce coa estrela. Nesta época, comézase a traballar con imprentas profesionais como Litografía 3 C, Indugraf, Gráficas Alpima ou La Ibérica.

Nesta primeira etapa do SLG como organización legal, os coordinadores do Fouce serán os responsables do sector do agro da UPG en cada momento. Así, despois de Ramón Muñíz e Xosé Lois Ledo Andión, e durante a década dos oitenta, terán esta responsabilidade Bernardo Fernández Requeixo, Manuel García Mel ou Xoán Carlos Carreira. Lembra este último que esa responsabilidade supuña, daquela, encargarse de facer todo o Fouce nunhas condicións de absoluta precariedade. Foron uns anos escuros nos que o SLG, acabado de nacer, estivo a piques de fenecer. A falla de medios fixo que o Fouce se acabase imprimindo mesmo en fotocopiadoras, con cativas tiradas duns centos de exemplares. En canto á distribución, estaban a disposición de quen os quixera coller nos poucos locais de que dispuña o SLG.



Paseniño, a situación melloraría a partir do II Congreso, cando Emilio López é elixido secretario xeral. A partir dese intre, o SLG colle estrutura sindical, comeza a haber ingresos grazas ao apoio público ás organizacións sindicais, e iso nótase no Fouce, no que empeza a colaborar máis xente. Chegamos así ao Fouce 109, publicado en inverno de 1987 e que marca a diferenza cos números anteriores. O anticuado tamaño folio doutrora muda ao estándar A4, a portada faise en papel brillo de calidade e, por primeira vez, inclúe a cor azul no fondo. Nos interiores, melloran visiblemente maquetación, tipografías ou o tratamento da imaxe.

Durante algo máis de 2 anos manterase así a publicación até que, a raíz do III Congreso no que sae elixida Lidia Senra como secretaria xeral, a imaxe gráfica da publicación e do propio **SEGUE ▸**

Os 40 anos até o Fouce 300

sindicato dan unha viraxe cara aos novos tempos e da man do deseñador Xosé María Torné.



Así, o Fouce 114, publicado en verán de 1989, inclúe por primeira vez a cabeceira que identificará a publicación nos vindeiros 24 anos, até decembro de 2013. Tamén aparece por primeira vez o logotipo moderno do SLG. Dado que o gráfico que fará de cabeceira do Fouce tiña o mesmo de ancho que de alto, esta se situará no cornello superior esquerdo da portada, propiciando un deseño que se caracterizará, até o nº 259 (decembro de 2007), por ter unha franxa lateral utilizada como táboa de contidos. O Fouce seguirá en formato revista, mellorando a calidade dos papeis utilizados e aumentando a paxinación. Nesta nova etapa do SLG, que xa conta con 18 locais abertos á afiliación, levarán o peso da publicación Miguel Méndez, que coordina colaboracións, e Xoán Carlos Garrido, que se encarga da execución.

Para asistir á seguinte evolución gráfica do Fouce teremos que agardar ao número 125, publicado en setembro de 1994. A partir dese número, Xoán Carlos Garrido será o coordinador do Fouce, que abandona o tamaño A4 e pasa ao formato tabloide, imprimíndose en rotativa. Responde a esta nova mudanza a necesidade de axilizar a impresión do periódico. Estabamos a vivir unha época de intensas e constantes mobilizacións, e imprimir unha revista nunha imprenta supoñía, cando menos, unha semana de prazo; mentres que a rotativa tiraba cada número dun día para outro. Foi precisamente, neste momento, cando se crean os Fouciños para comunicarse coa afiliación cando non abondaba co Fouce. Será Garrido quen se encargue, tamén, de maquetar a publicación. Dende este número até o 204, a portada constará da táboa lateral de contidos e o resto da plana irá dedicado ao editorial.





En outono de 2002, o xornalista Xosé García collerá o relevo para coordinar o periódico. Nesta etapa, renóvase o deseño gráfico da publicación e regularízanse tanto as seccións como a periodicidade, que pasa a ser mensual (11 números ao ano). Un dos cambios máis significativos é que o editorial pasa ás páxinas interiores de opinión, e a portada adopta a estrutura dun xornal estándar na que se adiantan os principais contidos.



Para chegarmos á seguinte mudanza gráfica significativa teremos que agardar 5 anos, até o Fouce 259 (decembro de 2007) no que se dá conta do VII Congreso do SLG. Nese número hai un cambio extraordinario no modelo de portada para salientar a imaxe tomada pola fotoxornalista Sandra Alonso sobre o Congreso, que ocupará todo o ancho da páxina. Iso obriga a modificar a táboa de contidos, que se fai máis breve e pasa á parte inferior da portada, para suprimirse máis adiante, deixando a banda esquerda que ocupaba dende 1989. Por primeira vez, a cabeceira de Fouce aparece sobre fondo branco. Ademais, o SLG estrea novo logotipo, baseado no anterior pero modernizado polo mesmo Torné. Tras este número, a xornalista Vera-Cruz Montoto farase cargo do Fouce, dende comezos de 2008 até o número 280, publicado en verán de 2010, mantendo este modelo de portada. Xosé García reincorporarase no número 281 (outubro de 2010) e, con variacións, manterá o deseño até este Fouce que tes agora nas mans, o número 300.

Nova cabeceira tras cumprir 25 anos a deseñada por Xosé María Torné

Tras 40 anos de andaina, Fouce estrea agora un novo deseño que se resume nas seguintes mudanzas:

- **Cabeceira.** Substitúese a deseñada por Torné en 1989, imaxe visible da publicación durante preto de 25 anos e case 200 números. A de agora ocupará a parte superior da portada e incluirá o avance dalgúns dos temas principais. Utiliza unha tipografía Cooper Black sobre fondo verde escuro, cunha solapa enriba dun verde máis claro; ambas cores correspóndense coas do novo logotipo do SLG.
- **Portada.** Recupera a función de adiantar contidos.
- **Periodicidade.** Regularízase e pasa a ser bimensual, o que obriga a aumentar o número de páxinas e, por dar máis tempo a que evolucionen as cuestións tratadas, inclúe informacións máis extensas e desenvolvidas.
- **Textos.** Tipografía Cambria a 12 pt. cunha maquetación matriz a 4 columnas que permite adiar o salto de liña para facer a lectura máis cómoda. Un dos cambios principais será a inclusión dun antetítulo nas informacións no que se adiantará o tema ou sector do que fale o texto principal. Este último cambio permite reducir o número de seccións.
- **Seccións.** Pasan a ser 6: *Adro* (artigos de opinión e editorial), *Agra* (novas relacionadas con sectores produtivos agrogandeiros e forestais), *Galiza* (información de ámbito galego), *Aldea Global* (información de ámbito internacional), *Mulleres* e *Eira*. Na contraportada seguirá publicándose unha entrevista, como nos últimos números. **FIN ■**

POLÍTICA AGRARIA COMÚN ▸ O pagamento por hectárea supón un agravio para o noso país onde predominan as pequenas propiedades, así como deixar fóra das axudas aos sectores de horta e viño

Isabel Vilalba denuncia ante Cañete a discriminación de Galiza na nova PAC

O 15 de xaneiro, a secretaria xeral do Sindicato Labrego mantivo un encontro co ministro de Agricultura en Ourense



A Política Agraria Común ocupou boa parte da xuntanza mantida entre o ministro de Agricultura e as organizacións agrarias

O encontro tivo lugar na subdelegación do Goberno e a el asistiron tamén representantes das demais organizacións agrarias galegas, así como a conselleira de Medio Rural, Rosa Quintana.

Boa parte da intervención de Isabel Vilalba centrouse en defender que a nova Política Agraria Común (PAC) se deseñe para manter e xerar emprego e riqueza no medio rural. Neste senso, chamou a atención sobre o criterio de repartir as axudas en base aos dereitos adquiridos en anos pasados, cando as axudas se distribuíron en base ao número de hectáreas que tiña cada explotación, o cal discrimina a Galiza, xa que no noso país predominan as pequenas superficies. Unha das consecuencias de todo isto é que a contía en axudas por activo máis pequena de todo o Estado é a que levan os labregos e labregas da Galiza, ás penas 166 millóns dos 5.000 que se reparten dende Madrid.

En relación co anterior, insistiuse na necesidade de que se defina que é un activo agrario para que as axudas vaian, exclusivamente, a explotacións que se dediquen a actividades agrogandeiras e non a grandes propietarios que, de cotío, non desenvolven traballos relacionados coa agricultura ou coa produción de alimentos. Outra das propostas que Isabel Vilalba defendeu ante o ministro foi que as axudas sexan progresivas para apoiar máis ás pequenas explotacións que, na situación actual, fican discriminadas.

Ningunha medida aínda para enfrontarmos a fin do sistema de cotas leiteiras

En canto aos sectores produtivos galegos, Isabel Vilalba incidiu sobre aqueles aos que máis lle pode afectar a reforma da PAC:

- **Leite:** Vilalba chamou a atención sobre o impacto que terá a fin do sistema de cotas no sector lácteo no ano 2015; para daquela, insistiu a secretaria xeral do SLG, deberíamos ter artelladas outras medidas reguladoras do mercado alternativas que garantan un nivel de prezos dignos, xa que máis do 80% dos ingresos das explotacións depende do prezo a que cotiza o leite.
- **Carne de vacún:** Caso distinto é o das explotacións de vacún de carne, a miúdo situadas en zonas desfavorecidas de montaña, onde son un factor fundamental de vertebración do territorio. Estas explotacións enfróntanse a un recorte da metade dos orzamentos destinados a axudas por vaca nutriz, un tipo de prima indispensable para as súas economías. Neste senso, Isabel Vilalba expresou a súa preocupación ao ministro polo futuro deste sector e das comarcas que dependen del.
- **Horta e viño:** Outro dos sectores sobre o que incidiu Isabel Vilalba foi o hortícola, que ten cada vez máis importancia no noso país habida conta de que é o maioritariamente elixido pola xente moza que se incorpora á actividade agraria, sendo unha saída laboral con futuro nestes tempos de crise e cun grande peso económico en moitas bisbarras galegas. A pesares da súa importancia, a nova PAC non recolle ningún tipo de apoio ao sector hortícola. Algo semellante acontece con sector do viño, onde se fala de quitar as axudas ou manterllas só a aqueles viñedos que as cobraron no pasado como primas á destilación de alcol de uso de boca; en calquera dos dous casos, os viñedos galegos tampouco cobrarían nin un céntimo da PAC. **SEGUE ▸**

O Ministerio de Agricultura porfía en seguir co inxusto e desigual reparto de axudas

Trala xuntanza entre coas organizacións agrarias galegas, o ministro de Agricultura, Miguel Arias Cañete, mantivo senllos encontros en Madrid cos sindicatos no Comité Asesor Agrario, o 20 de xaneiro, e cos e coas titulares de Agricultura nas comunidades autónomas, o 21 de xaneiro, para perfilar definitivamente como se vai aplicar a PAC no Estado Español. Tal e como nos teñen afeitos e afeitas os diversos gobernos, a aplicación da PAC de Cañete será máis do mesmo: mantense o reparto de cartos entre comunidades e dáselle o meirande das axudas ás familias terratenentes e ás grandes empresas entre as que se inclúe a esposa do señor ministro, Micaela Domecq, que cobrou máis de 400.000 euros de primas da PAC entre 2010 e 2011. De seguido, explicámolo en detalle.



Andoni García e Miguel Blanco, á dereita da imaxe, participaron en representación da COAG e do SLG no Comité Asesor Agrario

✓ **Definición de agricultor/a activo/a:** Esta era unha das principais demandas do SLG, que se definise agricultor/a activo/a como aquel/a profesional que vive da agricultura. Este debería ser un requisito indispensable para poder cobrar axudas da PAC garantindo que estas van a apoiar só actividades agrarias e gandeiras. A decisión do Ministerio de Agricultura foi que será agricultor/a activo/a quen perciba, como mínimo, o 20% dos seus ingresos provenientes de actividades agrarias. Para nós, esta porcentaxe é totalmente insuficiente e segue deixando as cancelas abertas para que cobren da PAC absentistas que non viven realmente do agro. Pénsese que no Estado Español hai uns 900.000 perceptores destas axudas, mentres que só cotizan pola agraria uns 300.000, polo que máis de medio millóns de persoas e empresas beneficiarias da PAC non son profesionais da agricultura.

Isto, ademais, fai que as nosas explotacións perdan en competitividade con respecto ás doutros países comunitarios onde as axudas sen concentran en labregos e labregas profesionais. En Alemaña, por exemplo, só hai 350.000 perceptores; mentres que en Francia o importe medio que cobra cada explotación é de 20.000 euros, fronte aos 5.000 do Estado Español.

✓ **Mocidade:** As axudas da PAC seguirán repartíndose segundo referencias históricas, é dicir, que se manterán os importes e as persoas e empresas beneficiarias de anos pasados. Isto deixa fóra do pagamento á xente moza que se incorpora á actividade agraria que non teña percibido axudas nos últimos anos, algo intolerable nestes tempos de crise, cun paro xuvenil superior ao 50%, e cando moitos mozos e mozas comezan a ver o agro como unha posible saída profesional, como demostra o aumento das solicitudes de incorporación.

✓ **Os sectores da horta, froita e viñedo quedan fóra:** Miles de profesionais que producen froita, hortalizas e uva para viño quedan fóra da PAC. Isto supón marxinar máis de 1 millón de hectáreas no Estado. Dende o SLG defendemos que os labregos e labregas destes sectores, que tiveron actividade en 2013 sen recibir ningún tipo de apoio, teñan dereito a integrarse no novo réxime de pagamento básico.

✓ **Axudas acopladas:** Limitaranse ao 12,08%. Tanto o SLG como a COAG pedimos que, polo menos, esta porcentaxe se elevase ao 15% para apoiar sectores en risco de abandono, con problemas de rendibilidade ou situados en zonas con dificultades específicas.

✓ **Fondos de desenvolvemento rural:** a partir de agora, as achegas do Ministerio de Agricultura reduciranse do 50% ao 30%, deixando o resto en mans de cada comunidade autónoma, algo moi perigoso nesta época de drásticos recortes que pode pór en perigo os fondos de Bruxelas se as comunidades non cumpren coa súa parte. Cómpre lembrar que só en 2012, o Estado Español perdeu 70 millóns de euros comunitarios neste concepto correspondentes a 2010 por deixar pasar máis de 2 anos sen utilizalos; nestes intres, o Ministerio de Agricultura xa recibiu varias advertencias de Bruxelas por facer o mesmo con 165 millóns de euros do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), dos cales a Galiza lle corresponden máis de 29. estes fondos que corren perigo de perderse pola falla de compromiso do Ministerio son vitais para a incorporación de xente nova, modernización das explotacións, medidas agroambientais ou apoio a zonas desfavorecidas.

SEGUE ▸

O Parlamento Europeo advirte que a PAC é nefasta para as pequenas explotacións

A Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural do Parlamento Europeo fixo público, o 15 de xaneiro, un demoledor informe no que advirte de que a Política Agraria Común (PAC) está a ser nefasta para as pequenas explotacións e para o medio rural.

O informe comeza afirmando que as pequenas explotacións agrícolas en Europa "sofren unha constante presión demográfica, comercial e tecnolóxica, o que está dando lugar á lenta desagrarización e perda de poboación das parroquias e aldeas en zonas nas que predominan este tipo de explotacións, así como o abandono en masa das pequenas granxas gandeiras e o cesamento do cultivo de produtos específicos locais".

Galiza estaría entre as zonas nas que predomina este tipo de explotacións, que constitúen "un modelo de agricultura aínda predominante na UE, que pode e debe coexistir con outros modelos agrarios a maior escala" que, amais de producir alimentos, cumpren funcións fundamentais con relación á natureza, á paisaxe, ao sustento de millóns de persoas, ou ao desenvolvemento económico de zonas desfavorecidas de montaña e ultraperiféricas.

O informe tamén denuncia varios feitos contra os que xa se teñen expresado a Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC) e o SLG como, por exemplo, que "os intermediarios ditan o prezos, beneficiándose da vulnerabilidade dos produtores" ou as "dificultades para acceder a financiamento". Outras denuncias están centradas na propia PAC, que "non toma suficientemente en consideración ás pequenas explotacións agrícolas debido, entre outras cousas, ao feito de que a estrutura das axudas da PAC se basea na superficie e nos niveis de produción histórica".

✔ A venda directa e a mellora de servizos públicos entre as propostas de apoio

Tamén se pon o punto de atención nos obstáculos burocráticos que poñen os gobernos ás pequenas explotacións, na súa feble posición negociadora na cadea alimentaria debido á dispersión xeográfica, ou na desigualdade de rendas con respecto a grandeexplotacións e outros sectores económicos.

Diante disto, a Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural do Parlamento Europeo presentou unha táboa con 19 demandas, entre as que se atopan algunhas como que a nova PAC contemple medidas que teñan máis en conta as necesidades das pequenas explotacións agrícolas familiares. Tamén instan aos estados membros que impulsen a competitividade, viabilidade e rendibilidade das pequenas explotacións como medio para frear o éxodo e a despoboación rurais. Para iso, sería necesario dedicar "eficientemente os fondos europeos dispoñibles para promover no medio rural infraestruturas e instalacións educativas, médicas e asistenciais; servizos de gardería; acceso rápido a Internet; e a constitución de pequenas e medianas empresas para garantir condicións de vida equivalentes en zonas urbanas e rurais".



René Souchon, presidente da Comisión de Recursos Naturais do Comité das Rexións, cualificou de "suicida" suprimir o control sobre a produción no sector lácteo

Outra recomendación que coincide coas demandas do SLG é o fomento da venda directa e do comercio de produtos tradicionais en mercados locais, de maneira que a cidadanía poida acceder a alimentos sans e de calidade por un prezo xusto.

O Comité das Rexións ve necesario regular o mercado e a produción no sector lácteo

Tal e como temos advertido dende a Coordinadora Europea da Vía Campesina e o Sindicato Labrego Galego, o sector lácteo europeo precisa de ferramentas para regular os mercados e a produción que substitúan ao sistema de cotas leiteiras que se suprimirá en 2015. Así o afirma o Comité das Rexións da Unión Europea, que alerta de que a supresión das cotas será letal para as pequenas e medianas explotacións e concentrará a produción nas zonas produtoras máis intensivas.

René Souchon, presidente da Comisión de Recursos Naturais do Comité das Rexións, defendeu que a política leiteira europea se inspire na reforma da política agraria estadounidense (Farm Bill) para 2014-2018, aprobada polo Senado dos Estados Unidos o pasado 4 de febreiro. Esta reforma estableceu para o sector lácteo un dispositivo que asegura as marxes asociado á xestión dos volumes de produción, que se poderán limitar en épocas de crise, tal e como defende o Comité das Rexións para o sector lácteo comunitario.

Nun contexto no que os principais países produtores -como India, China, Xapón, Corea do Sur ou os Estados Unidos- manteñen ou fortalecen os apoios e medidas protectoras ao sector lácteo, Souchon asegura que sería "suicida" e un "grave erro estratéxico" deixar ao sector lácteo europeo indefenso fronte ao aumento da volatilidade dos prezos e o medre da competencia mundial resultante da sinatura de acordos comerciais en vías de negociación. Tamén criticou que a Comisión Europea "non tome en consideración as repercusións territoriais desta medida, cando dous terzos das explotacións leiteiras europeas son pequenas estruturas familiares que se manteñen producindo grazas ao sistema de cotas".

SEGUE ▸

A gran estafa: un 16% de perceptores queda co 75% das axudas agrarias comunitarias

Ao distribuírse as futuras axudas da PAC en función do reparto que se fixo en anos anteriores, volverá repetirse a inxustiza de que grandes empresas e familias terratenentes e da aristocracia que, en moitas ocasións, nada teñan que ver co a agricultura, queden con boa parte dos 5.000 millóns de euros que corresponden ao Estado Español para financiar a Política Agraria Común.

Como ano de referencia temos o 2011, cando só o 16% das persoas ou empresas beneficiarias da PAC se quedaron co 75% deses cartos. Iso foi denunciado por Veterinarios sen Fronteiras nun informe titulado "Unha PAC para o 1%". Tirando datos dese informe, e tamén doutro elaborado por Ecoloxistas en Acción ("Globalizar a fame: impactos da PAC") puidemos comprobar quen se está enriquecendo grazas á PAC e a conta de cartos públicos que deberían ser para labregos e labregas. De seguido, citamos algunhas empresas e familias e os cartos que levaron da PAC en 2010 e 2011:

EMPRESAS

- **Zumavesa:** Case 17 millóns de euros en 2010-2011
- **Ebro Foods** (máis de 150 millóns de euros de beneficio neto en 2011): máis de 7 millóns en axudas entre 2010-2011.
- **Pastas Gallo** (máis de 200 millóns de facturación): 14,7 millóns en 2010-2011
- **Grupo Siro** (galletas, 490 millóns de facturación): 7,1 millóns en 2011.
- **Nutrexpa** (Cola Cao, Nocilla, La Piara, Granja San Francisco...): 5,5 millóns en 2011.
- **Galletas Gullón** (galletas): 3,7 millóns en 2011.
- **García Carrión** (zumes e viños, con actividade en 130 países, 1ª adega de Europa e 5ª do mundo): 10,3 millóns en 2010-2011.
- A lista é demasiado longa: **Vega Sicilia** (3,5 millóns), **Adegas Torres** (1,25 millóns), **Domecq e Osborne** (case 1 millón), **Unilever** (3,2 millóns), **Nestlé** (2,7 millóns), **Campofrío** (2,5 millóns); ou **Gallina Blanca, El Pozo, Pascual, Argal, Puleva, Forlasa** (ao redor de 1 millón cada unha).

ARISTOCRACIA e TERRATENENTES

- **Casa de Alba:** máis de 2 millóns en 2011.
- **Familia Mora-Figueroa Domecq:** máis de 8 millóns de euros entre 2010 e 2011.
- **Familia Osuna García:** 1 millón en 2011.
- **Micaela Domecq** (compañeira do ministro de Agricultura, Miguel Arias Cañete): 400.000 euros entre 2010 e 2011.

NOUTROS PAÍSES DA UNIÓN EUROPEA

Aínda que no resto de países da Unión Europea os cartos están mellor repartidos e benefician máis ás explotacións profesionais, segue a haber partidas millonarias en concepto de axudas para empresas e terratenentes difíciles de xustificar. De seguido, algúns casos significativos:

- **A raíña Isabel II de Inglaterra:** máis de 500.000 euros.
- **Príncipe Carlos de Inglaterra:** máis de 200.000 euros.
- **Duque de Westminster** (terceira persoa máis rica de Inglaterra): 554.000 euros.
- **Príncipe Alberto II de Móncaco** (2.000 millóns de euros de fortuna): máis de 1 millón e medio de euros entre 2008 e 2009.
- **Príncipe de Thurn e Taxis** (o maior terratenente alemán e maior propietario de bosques de Europa): 575.000 euros.

OS MAIORES BENEFICIARIOS DA PAC NA UNIÓN EUROPEA
(Cálculo feito cos pagamentos acumulados até 2009):

1 FrieslandCampina (Holanda): 1.605.926.904 € (dende 1997)
2 Arla Foods (Dinamarca) 951.731.484 € (dende 2000)
3 Tate & Lyle (Reino Unido): 827.979.239 € (dende 1999)
4 Avebe (Holanda): 589.534.206 € (dende 1997)
5 Danisco (Dinamarca): 484.863.255 € (dende 2000)
6 Hoogwegt (Holanda): 356.925.537 € (dende 1997)
7 Danish Crown (Dinamarca): 292.629.690 € (dende 2000)
8 Eridania Sadam (Italia): 225.357.110 € (dende 2002)
9 Nestlé UK (Reino Unido): 196.777.997 € (dende 1999)
10 Saint Louis Sucre S.A. (Francia): 196.464.108 € (dende 2004)

Dende o Sindicato Labrego Galego, lamentamos que o Ministerio de Agricultura fixese ouvidos xordos ás propostas das organizacións agrarias, ás que convocou en varias xuntanzas para chegar a consensos na aplicación da PAC, e se deixase levar polo interese especulativo de grandes empresas e terratenentes. Tamén lamentamos a xordeira e o servilismo da Consellaría de Medio Rural, que se limitou a dicir amén a tódolos mandados que viñeron dende Madrid, a pesares de ir contra os intereses dos labregos e labregas da Galiza. **FIN ■**



COAG e SLG denunciamos nunha concentración diante do Ministerio de Agricultura o inxusto reparto dos cartos da PAC





De esquerda a dereita, aspecto xeral da manifestación en Bruxelas e intervención de Guy Kastler, labrego francés responsable de cuestións ligadas ás sementes na ECVC

DEREITOS LABREGOS ▸ Centos de persoas participaron, o pasado 20 de xaneiro, nunha manifestación diante da sede do Parlamento comunitario convocada pola Coordinadora Europea da Vía Campesina

Protestas en Bruxelas para defender o dereito a cultivar e trocar sementes

Comeza unha campaña global a prol dos dereitos labregos coincidindo co Ano da Agricultura Familiar en 2014

O pasado 20 de xaneiro, centos de labregos e labregas manifestáronse diante do Parlamento Europeo, en Bruxelas, para protestar polas novas normativas que están a piques de aprobarse para regular as sementes. Con esta convocatoria, a Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC) deu comezo a unha serie de mobilizacións que terán como fondo a decisión da ONU de facer de 2014 o Ano Internacional da Agricultura Familiar.

A manifestación da ECVC centrouse en denunciar a nova normativa comunitaria sobre sementes e, por extensión, en defender os dereitos labregos. Nun comunicado posterior, a ECVE afirmou que "as nosas sementes labregas son indispensables para alimentar á humanidade", e que só labregos e labregas "poden responder aos retos de abandonar os pesticidas tóxicos, protexer o medio ambiente e loitar contra o cambio climático". E para que isto sexa posible "cómpre prohibir os transxénicos, pois calquera tipo de coexistencia é imposible; e tamén prohibir os dereitos de propiedade intelectual sobre a vida que lle permite ás industrias confiscar tódalas sementes do planeta".

Tanto o SLG como a ECVC, reivindicamos o recoñecemento do dereito dos labregos e labregas a producir e intercambiar as nosas sementes. Pola contra, a nova lexislación restrinxe moito a comercialización e intercambio das variedades non rexistradas de sementes (denominadas "heteroxéneas" na nova norma) como as que se veñen utilizando tradicionalmente dende tempo inmemorial nas nosas bisbarras. A pretensión da industria é poñer tódolos atrancos posibles ás sementes non rexistradas e impoñer as variedades patentadas para facer negocio; o problema é que, de facerse isto, as variedades patentadas acabarían impoñéndose ao cabo do tempo, o cal provocaría unha perda irreversible no noso patrimonio agrícola e alimentario.

Outro dos perigos do novo regulamento é a privatización do control público do mercado das sementes, que se pretende substituír por estruturas privadas pertencentes ás empresas do sector; ou o establecemento de normas de produción e comercialización inaccesibles para os labregos e labregas ou para a produción ecolóxica de sementes.

Tamén perigarían experiencias como a da Rede Galega de Sementes, un movemento xurdido hai varios anos na Galiza que traballa na busca e recuperación das variedades tradicionais e que promove o intercambio desinteresado das mesmas entre as persoas que queiran utilizalas, así como actividades formativas nas que se ensina a reproducilas e conservalas.

SEGUE ▸



"Planta sementes labregas, colleita un futuro global"

A Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo rexeita a proposta sobre as sementes

O pasado 11 de febreiro, a Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural (Comagri) do Parlamento Europeo rexeitou proposta de regulamento para a produción e comercialización dos materiais de reprodución vexetal. Este rexeitamento súmase ao feito pola Comisión de Medio Ambiente, Saúde Pública e Seguridade Alimentaria.

Tras esta dobre negativa, a proposta será examinada polo Parlamento Europeo o vindeiro 12 de marzo. Se este segue a recomendación da Comagri, o presidente do Parlamento pedirá á Comisión Europea que a retire e presente un novo texto.

A proposta foi seguida por moitas organizacións que expresaron a súa oposición a esta proposta de normativa porque non protexía o dereito dos labregos e das labregas a cultivar, vender e intercambiar as súas propias sementes.

Cómpre lembrar que a proposta da Comisión Europea forma parte dun paquete de medidas proposta para reforzar a aplicación das normas de saúde e seguridade no conxunto da cadea agroalimentaria. Mais por debaixo desta suposta intención, agáchase a privatización do control público das sementes e a imposición de barreiras para a produción artesanal e a pequena escala, tal e como temos denunciado a Coordinadora Europea da Vía Campesina, o Sindicato Labrego Galego ou a Rede Galega de Sementes.

Unha carta para para o Ministerio de Agricultura

A nivel estatal, Red de Semillas e a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) enviaron esa mesma semana ao Ministerio de Agricultura un documento de traballo e opinión relativo ás variedades locais e sementes ceibes no que se demanda:

1. O respecto do dereito dos labregos e das labregas a utilizar, intercambiar e vender as súas propias sementes. Este dereito debe quedar fóra do ámbito de aplicación desta lexislación. Os labregos e labregas que fan venda directa de sementes como complemento da súa actividade deben estar exentos e exentas das mesmas esixencias que o resto de operadores.

2. As microempresas artesanais que producen e comercializan sementes de variedades locais necesitan regras adaptadas á súa actividade, completamente diferente á que realizan as grandes empresas de sementes de producións deslocalizadas e distribución quilométrica.

3. Son necesarias regras adaptadas para o rexistro das variedades destinadas a agricultura ecolóxica e agricultura de baixos insumos.

4. Os labregos e labregas e os consumidores e consumidora deben ter a posibilidade de elixir os alimentos que consumen e as plantas que cultivan. Demandamos transparencia nos métodos de selección utilizados para xerar as variedades e a propiedade intelectual que xestiona o seu uso. Esta información debe constar obrigatoriamente na etiquetaxe. **FIN ■**

XENTE NOVA ▸ Unha comitiva de mozos e mozas do SLG acode a Madrid para reclamar políticas de apoio á xuventude

Mocidade labrega de todo o Estado maniféstase diante do Ministerio de Agricultura

Sinalan a reforma da PAC como un dos principais obstáculos para incorporarse á actividade agraria

Unha comitiva de mozos e mozas do Sindicato Labrego viaxou até Madrid, o 15 de xaneiro, para apoiar unha concentración de protesta diante do Ministerio de Agricultura de cara denunciar as dificultades da xente nova para incorporarse á actividade agraria. A mobilización foi organizada polas Mocidades Agrarias de COAG e a ela acudiron mozos e mozas de todo o Estado.

Dende COAG denunciouse que, máis que facilidades, os mozos e mozas que queren incorporarse á actividade agraria atópanse con atrancos coma "un auténtico sudoku burocrático, o atraso no pagamento de axudas, drásticas retalladas orzamentarias, restricións no crédito bancario, dificultades para acceder á terra ou unha nova Política Agraria Común (PAC) que non facilita o relevo xeracional".

A metade das axudas en mans de maiores de 65 anos

As estatísticas ofrecen un panorama preocupante da situación actual da xente nova que apostou pola agricultura no Estado: Mentres que as persoas maiores de 55 anos supoñen o 55'3%, as menores de 35 só representan o 5'3%, o que supón unha proporción de 10 a 1.

A pesares do envellecemento, dende a Administración non se fai nada para reverter o proceso. Por exemplo, case a metade das axudas da PAC (o 40,57%) vai parar a mans de persoas xubiladas ou a piques de selo, con 65 ou máis anos; mentres que só o 3,4% de labregos e labregas beneficiarias teñen menos de 35.

Outra realidade denunciada é que, na actual situación de crise, cun paro xuvenil que ascende ao 57,4% nos mozos e mozas menores de 25 anos, a agricultura está a ser vista como saída laboral. De feito, as solicitudes de incorporación aumentaron un 79%. O problema é que esa incorporación está a resultar unha auténtica carreira de obstáculos para a xente nova. Boa parte da culpa tena a Política Agraria Común (PAC), que no Estado Español está deseñada para beneficiar a rentistas e persoas propietarias de terras que nada teñen que ver coa agricultura: de 900.000 persoas perceptoras de axudas, só hai 300.000 cotizantes á Seguridade Social Agraria.

Tamén se enfronta a xente moza con dificultades para acceder á terra, co exceso de burocracia e coa imposibilidade de obter créditos e financiamento.



LEI DO ABORTO ▸ O Consello de Ministros aproba un texto que rouba ás mulleres o dereito a decidir

Clamor cidadán contra a reforma da Lei do Aborto

A Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto, da que formamos parte, coordina numerosos actos de protesta por toda Galiza

A pesares do forte rexeitamento social que produciu o anuncio do Goberno español de reformar a Lei de Aborto, o titular de Xustiza, Alberto Ruíz Gallardón, teimou e, o pasado 20 de decembro, o Consello de Ministros aprobou a chamada "Lei de protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada".

A oposición unánime da sociedade non se fixo agardar por parte de partidos políticos, sindicatos, organizacións, etc. (na Galiza, uns 70 colectivos integramos a Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto). Tamén expresaron a súa contrariedade persoas e gobernos destacados do mesma formación política que promove a reforma, o Partido Popular. E non é para menos. Vexamos en que consiste a Lei Gallardón:

✓ Cando se poderá abortar?

Só en 2 casos: por violación ou cando perigue a vida ou a saúde da embarazada.

✓ Como facer para abortar en caso de acharse nos supostos legais?

Haberá que someterse a un auténtico via crucis burocrático e humillante para a muller, que deberá comezar indo a solicitar información a un centro de saúde ou sos servizos sociais. Unha vez informada, a muller deberá recibir asesoramento persoal e verbal nun centro acreditado para facelo, tralo cal terá 7 días para reflexionar sobre o que lle digan.

✓ Pasados eses trámites, xa se pode abortar?

Non. Aínda quedará o peor, que variará segundo o caso:

▸ En caso de violación, esta terá que ser previamente denunciada nun xulgado e terá un prazo de até 12 semanas para abortar nunha clínica privada.

▸ Se periga a vida da muller ou hai risco para a saúde física, terá que ser certificado por dous profesionais da medicina, ningún dos cales pode ter relación coa clínica que vaia practicar a interrupción do embarazo.

▸ Cando haxa risco para a saúde psíquica, 2 psiquiatras terán que diagnosticar enfermidade mental duradeira, polo que as mulleres que aborten serán consideradas enfermas mentais, algo que pode obrar na súa contra á hora de obter a custodia dos fillos e das fillas en caso de divorcio.







As manifestacións contra a Lei Gallardón sucedéronse por toda Galiza. Arriba, concentración diante do Concello de Ribadeo e, abaixo, marcha de protesta en Vigo

Forte risco de exclusión para as mulleres con menos recursos

Así as cousas, a Lei Gallardón volve a tempos da ditadura franquista e redáctase para satisfacer a un dos sectores máis rancios e retrógrados da igrexa católica. Mesmo anula un dos supostos da incompleta lei de 1985: o de poder interromper o embarazo en caso de graves taras físicas ou psíquicas do feto nas 22 primeiras semanas de xestación.

Nin que dicir ten que a nova lei fica a un mundo de distancia da que rexe dende o ano 2010, coa que as mulleres, a partir dos 16 anos, podían tomar a decisión de abortar 3 días despois de ser informadas das consecuencias de facelo e das axudas á maternidade existentes (notificándollo ao titor ou titora se son menores de idade); así, o aborto era unha decisión libre da muller dentro das 14 primeiras semanas de xestación. O prazo ampliábase a 22 semanas en caso de grave risco para a vida ou a saúde da muller e cando o feto sufrise graves anomalías ou enfermidades incurables.

En definitiva, a Lei Gallardón róuballe ás mulleres o dereito a decidir sobre a súa vida e o seu corpo, exclúe ás que teñan menos recursos e non poidan pagar unha clínica privada no estranxeiro, e condena aos profesionais da medicina que realicen abortos a traballar na clandestinidade coa ameaza de ser inhabilitados profesionalmente ou rematar na cadea. Tamén obrigará a ter fillos ou fillas con graves malformacións ou enfermidades nun contexto con máis de 6 millóns de persoas paradas e fortes recortes nas escasas axudas públicas existentes para apoiar a crianza destes nenos e nenas que precisan coidados e atención especiais e unha dedicación continuada as 24 horas do día de por vida.

Kelli Mafort ▸ Coordinadora de Xénero no MST (Brasil)

Da man de Vera-Cruz Montoto (xornalista) e Berta Malvárez (Comité de Apoio ao MST na Galiza), publicamos esta entrevista á coordinadora de xénero do Movimento dos Trabalhadores Rurais Sem Terra do Brasil (MST), que estivo con nós en outono (ver Fouce 299)

"As mulleres temos aínda moito que loitar dentro do MST"

✓O 8 de marzo de 2006, 2.000 mulleres ocuparon as instalacións da transnacional Aracruz Celulosa, que ten 250.000 hectáreas de eucaliptos no Brasil. Dende aquela, as accións das labregas brasileiras nesta data están moi orientadas contra este tipo de empresas, non si?

Así é. A partir de 2006, as accións de loita do 8 de marzo están orientadas a denunciar as empresas transnacionais, cuxo impacto é moi grande nas labregas. As mulleres no campo loitamos por un proxecto de soberanía popular e alimentaria que tenta ser inviabilizado polo agronegocio. A pretensión das loitas do 8 de marzo é que, a partir de experiencias concretas, lle plantemos cara ao capital e construamos novas relacións sociais.



✓Iso é o que se coñece na Vía Campesina como Feminismo Campesino Popular?

É. Trátase dunha combinación entre loita feminista e loita contra o capital. Ao comezo, nos movementos de mulleres do MST custaba falar de feminismo, pois este era entendido como unha imposición europea que non tiña en conta as cuestións de raza ou clase. Mais, co tempo, comprobamos que falar de xénero era cómodo para o capital, doado de asimilar nos seus discursos, polo que nos vimos na necesidade de retomar as loitas feministas e reivindicar a palabra feminismo.

✓Cales son os factores concretos dentro do MST que fan necesaria a organización das mulleres?

As mulleres do MST traballan en organizacións propias dende o comezo do movemento. As mulleres ven que na conquista da terra ou nos campamentos viven en condicións bastante equitativas cos homes. Cando o obxectivo é conseguir a terra, é a comunidade a que está no centro da organización. Sen embargo, unha vez asentadas esas persoas, é a familia heteropatriarcal a que substitúe á comunidade e, contraditoriamente, a conquista da terra implica un empeoramento das condicións de vida e dos dereitos das mulleres.

✓Cando se deu o paso dende as organizacións de mulleres ao sector de xénero no MST?

O sector de xénero naceu en 2000, pero iso non implicou a desaparición das organizacións de mulleres. As mulleres precisamos de espazos propios para emponderármonos, para conspirar mesmo, e levarmos despois os debates de xénero aos espazos mixtos dentro do MST.

> **"Falar de xénero era cómodo para o capital, polo que nos vimos na necesidade de retomar as loitas feministas e reivinidicar a palabra feminismo"**

✓Cales foron as conquistas das mulleres dentro do MST?

Temos conseguido que a paridade sexa un feito en tódolos órganos de decisión, dende os núcleos até a Dirección Nacional. No VI Congreso Nacional, das 12.000 persoas asistentes, 6.000 foron mulleres e o debate sobre xénero formou parte dos debates sobre o movemento e non como unha simple cuestión específica das mulleres.

Sen embargo, esa participación non é efectiva. As condicións para que participen as mulleres non son equitativas: elas continúan estando sobrecargadas coas tarefas de coidados, a maioría das persoas liberadas do MST son homes, etc. Houbo moitas conquistas, pero as mulleres temos aínda moito que loitar dentro do MST.

"As labregas denunciamos as contradicións dun modelo produtivo masculinizado"

✓Como contribúen as mulleres do MST á reforma agraria popular?

É interesante comprobar que as mulleres, cando estamos organizadas, tratamos temas específicos sobre mulleres, mais tamén debatemos sobre cales queremos que sexan as posicións políticas do MST.

Ao comezo do movemento, nos primeiros asentamentos, eran os homes os que estaban vinculados ás cuestións produtivas e dominaba a idea de construír grandes cooperativas agrarias que competisen contra os grandes fazendeiros e a industria agroalimentaria. Pero este modelo trouxo débedas para as familias, alta dependencia de insumos e, finalmente, a inviabilidade da vida no campo.

Foi aí onde as labregas denunciamos as contradicións dese modelo produtivo masculinizado e afirmamos que era o momento dunha agricultura diversificada que loite pola soberanía alimentaria dos pobos. Ante esta crise de modelo, o MST virou a súa mirada para ver o que están a facer as mulleres no campo, para ver como pór en marcha esa agricultura diversificada que ten por obxectivo a soberanía alimentaria.

✓Atopaches coincidencias nas loitas do SLG na Galiza e do MST?

Temos moitos puntos en común, como a defensa da terra ou da soberanía alimentaria. No Brasil, o campo é desprezado polos gobernos, que obrigan á poboación rural a abandonar e buscar traballo nas cidades. Aínda que a distribución da terra na Galiza é moi diferente, este problema de abandono sófrese igual que no Brasil.

28, 29 e 30 de marzo: X Encontro da Secretaría das Mulleres

O X Encontro Anual da Secretaría das Mulleres do SLG será os días 28, 29 e 30 de marzo. Desta vez, o lugar elixido para a celebración será nos Ancares; en concreto, na Campa da Braña (Cervantes). As participantes deberán levar alimentos para compartir na cea do venres e sementes para facer un intercambio o sábado. A data límite para inscribirse é o **25 de marzo**.

Axudas para constituír Sociedades de Fomento Forestal

Esta orde ten por obxecto convocar para o ano 2014 as axudas para constituír e iniciar a actividade de sociedades de fomento forestal (Sofor) mediante convocatoria aberta en réxime de concorrencia competitiva. Mediante esta orde convócanse dúas liñas de axuda:

O prazo para solicitar remata o **31 de Xullo de 2014**.

Recoñecementos médicos gratuítos para a afiliación do SLG

En virtude do convenio asinado entre o Sindicato Labrego Galego, o ISSGA (Instituto Galego de Seguridade e Saúde laboral) e a Consellaría do Medio Rural, tes a posibilidade de someterte a un recoñecemento médico completo nas instalacións que o ISSGA ten en calquera das catro capitais de provincia galegas. Estes recoñecementos son completamente gratuítos.

Para poder beneficiarte desta posibilidade, só tes que apuntarte no teu local do SLG.

O día do recoñecemento debes levar a seguinte documentación contigo:

- Solicitude cuberta (facilítaseche no teu local do SLG).
- Fotocopia do DNI.
- Último cupón da Seguridade Social (xa que este servizo é para labregos e labregas que estean dados e dadas de alta por conta propia).

Para máis información, ou para apuntarte, acode ao local do Sindicato Labrego Galego da túa comarca.

Fomento do cooperativismo e do emprego en empresas de economía social

Esta orde contén a convocatoria de varios programas con diferentes persoas e entidades beneficiarias:

1. Fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais. (Para cooperativas e sociedades laborais).

2. Fomento do acceso á condición de persoa socia traballadora. (Beneficiarias: persoas desempregadas, demandantes de mellora de emprego, persoas asalariadas de cooperativas e sociedades laborais).

3. Impulso de proxectos empresariais cooperativos e asistencia técnica. (Beneficiarias: cooperativas e sociedades laborais de nova creación ou que acometan novos proxectos así como persoas e empresas privadas que presten servizos de asesoramento)

4. Promoción das cooperativas xuvenís. (Para cooperativas xuvenís)

5. Intercooperación e integración cooperativa (Beneficiarias: cooperativas e sociedades laborais que participen conxuntamente en proxectos de integración ou colaboración empresarial).

Non poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas adicadas á producción primaria de produtos agrícolas, nin as empresas que operen nos sectores da pesca e da acuicultura.

O prazo remata o **7 de abril de 2014**.

Axudas polo sacrificio obrigatorio de gando

Indemnizacións polo sacrificio obrigatorio ou morte de animais, ou pola destrución de produtos, no marco de programas ou actuacións oficiais de vixilancia, loita, control ou erradicación de enfermidades animais.

O prazo remata o **30 de novembro de 2014**.

Cesións temporais de cota láctea

Na vindeira campaña, o prazo para solicitar cesións temporais de cota láctea vai dende o 1 de abril de 2014 ao 28 de febreiro de 2015.

Compra - Venda - Troco

Véndense
-Estendedor de herba marca Stoll.
-Segadora BCS con documentación.
-Segadora rotativa de 1.7 m de corte.
☎667 469 962

Véndese
-Depósito para o gasóleo, de 2.000 litros, con bomba e contador incluídos.
☎626 070 031

Véndense
-60 bolos de herba seca da New Holland.(Baralla, Lugo).
☎630 906 599

Véndense
-Vacas preñadas do país en Val Xestoso (Monfero).
☎981 196 848 e 650 608 307

Véndese
-Planta de horta producida con métodos ecolóxicos.
☎661 603 021 / 678 780 234

Véndense
-Vacas de 2 a 5 anos e xovencas.
-Espelidor Ausana X500.
-Autocargador rotativo e rotativa (1.80m) en bo estado.
Por peche de explotación en Abegondo.
☎627 981 309 / 981 669 250

Véndese
-Automóbil Seat Marbella en bo estado.
☎626 194 490

Véndese
-Caldeira de calefacción a gasóleo marca Ferroli.
☎ 696 004 515

Véndense
-Desensiladora de cazo marca Tenias, para usar como pa ou para enganchar nos brazos do tractor.
-Coche sen carné, en perfecto estado; prezo a acordar.
☎ 982 130 161 e 699 924 177 (preguntar por Toño).

Véndese
-Rotoempacadora Ford en bo uso e a bo prezo.
☎ 689 752 400

Véndense
-2 vacas cachenas en As Nogais (Lugo).
☎616 006 686

Véndense
-30 rolos de herba seca, na zona do Corgo (Lugo).
☎982 176 748

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndense
-Desensiladora de bocado marca McHale, 1,60 de ancho e dous tipos de enganche: para pa e enganche traseiro.
☎ 699 396 665 (Xabier).

Véndense
-Tractor Deutz Fahr de 85 cabalos, dobre tracción. Acabado de reparar.
-Carro mesturador de 10 m. con pé hidráulico en perfecto estado.
☎982 183 019 e 628 785 466

Véndense
-Rolos de herba seca.
☎ 982 505 755

Véndense
-Tractor Same Laser (o mais alto da gama), con motor rectificado hai dous anos (traballou para unha soa explotación), rodas novas, kit de embrague e maza novos. Admítese calquera proba mecánica.
-Arado de 4 regos marca Kuhn. Tan só 3 campañas na mesma explotación.
☎677 625 245 (comarca de Arzúa).

Véndese
-Xerador eléctrico de 625 W.
☎ 689 752 400 (O Corgo).

Véndense
-Tractor Fiat 980 ST de 98 CV.
-Cisterna 7.500 litros e 1 eixe.
-Fresadora Agrator 2 m de traballo.
-Rotativa de 2 campás e 2.10 m de traballo.
-Angazo PZ.
-Esparexedor de esterco JF.
-Rulo de calcar os prados.
☎ 657 757 184.

Véndense
-2 cabras con carta branca. Zona Valdoviño.
☎629 688 269

Véndese
-Vaca.
-Viño do pais e Barrantes.
☎ 986 689 486 (Ana).

Véndese
-Opel Corsa Enjoy CDTI 90 CV. Moi coidado, sempre en garaxe e cunha única propietaria. Ano 2008. Tódolos extras. Control de velocidade, mans libres, 6 velocidades, etc. 170.000 Km. Cor negra. Nunca tivo un golpe.
☎626 194 490 (Katia)

Vendénse
-Porcos cebados con produtos da casa
-Augardentes tostadas e de herbas.
-Viño do país branco e tinto.
☎986 58 69 16 (Xosé)

Véndese
-Tractor Ebro 460, con pa e cabina.
☎660 811 411

Véndese
-Tractor Pasquali 991 (22 CV) con remolque, fresa e veso. En bo estado, motor revisado, acabado de pintar e rodas novas. Prezo 7.000 €. Compostela.
☎636 680 519 (Daniel. Chamar de 13:00 a 15:00 horas).

Véndense
-Rolos de silo e herba seca.
☎610 472 095 / 982 505 798

Véndense
-Cisterna de 5.000 litros con apertura hidráulica, depresor de 5.000 e roda alta de camión.
-Chimpín de obra, con basculante.
-3 vacas e 5 xovencas de raza Azul Belga, por cese.
☎626 315 059 (Xosé Luís)

Véndense
-Bolos de herba seca. Zona de Betanzos.
☎629 763 395

Véndense
-Vacas de leite, xovencas e becerras pequenas por xubilación. Boa xenética. Control leiteiro. Na zona de Lugo.
☎ 982 160 949 (mediodía).

Véndense
-Picador Strautmann.
-Tractor Barreiros 70-70
-Ringleirador Inmalaroca de 9 brazos (2 campañas).
Todo en moi bo estado.
☎ 690 774 565 / 982 160 116

Véndense
-Tanque-cisterna de frío de 3.500 litros de capacidade con lavadora automática. Marca Serap.
-Cisterna de xurro con carga lateral de 6.000 litros.
☎626 218 570

Véndese
-Herba seca de boa calidade en Abadín (Lugo).
☎982 178 970

Véndense
-Xovencas frisoas.
☎ 639 503 210

Véndense
-30 rolos de silo e 20 de herba seca.
-Xato Limousin de 9 meses.
☎ 649 147 614 (zona Lugo)

Véndese
-Becerro de raza Frisoa con moi boa xenética e 2 anos de idade. Na zona de Cabanas (A Coruña).
☎ 981 446 501

Véndese
-Rotoempacadora John Deere 570.
-Todoterreo Mitsubishi 2500.
☎ 609 311 416

Véndense
-Becerros e becerras rubios para recría. No Covelo (Pontevedra).
☎ 626 442 294

Véndese
-Tractor EBRO 470, con dirección hidráulica, dobre embrague e cabina con porta.
☎ 650 019 275

Véndese
-Carretilla elevadora TOYOTA mod. 2.500 Kg.
-Pincho para rulos.
☎ 650 019 275

Véndense
-Ovellas de raza galega novas e preñadas, por sobrecarga gandeira.
☎685 472 860 e 653 687 921

Véndense
-Xatas frisoas. En Portomarín.
☎ 982 034 032 / 697 422 304

Véndese ou alúgase
-Propiedade en Trascastro (concello de Castroverde, Lugo) con 26 hectáreas de superficie e con auga propia na maioría das parcelas, o que dá a posibilidade de ter as vacas fóra. Inclúe 2 casas, unha delas nova (Pataqueiro nº 4), eira de mallar con varios alpendres e tractor seminovo con varios apeiros.
☎ 982 312 386

Véndese
-Sala de muxido de 6 puntos marca Gascoine. Trifásica con lavadora automática
-Tanque de frío de 1.000 litros marca Portinos.
☎ 690 679 482 (preguntar por Moisés a partir das 8 da tarde).

Véndense
-Xovencas de raza Frisoa.
☎ 639 626 891

Véndense
-Ovellas de raza galega. Novas e preñadas. Por sobrecarga gandeira.
☎ 685 472 860 / 653 687 921

Véndese
-Leña para cociña, calefacción, cheminea, churrascaría e panadaría. Servizo a domicilio. Boa relación de calidade, cantidade e prezo.
☎619 506 171 / 648 714 898

Véndese
-Segadora BCS 404, 4 discos.
-Segadora CAMON BCS, como nova.
-Fresadora AGRATOR 1,60.
-Grade de discos de 16, en mal estado.
☎ 656 349 743

Véndese
-Tractor NEW HOLLAND TS100, de 100 CV, motor de 4 cilindros turbo, 16 velocidades baixo carga, inversor electrohidráulico, cabina en bo estado con asento pneumático, base xiratoria e aire acondicionado. En bo estado e moi manexable. En Cesuras (A Coruña).
☎ 650 158 948

Véndese
-Tractor EBRO 684. En bo estado: distribuidor hidráulico con múltiples funcións, ITV e documentación ao día. Regálanse 4 rodas dianteiras. Cabrestante dianteiro mecánico con moita forza. Prezo: 4.900 €. En Cesuras (A Coruña).
☎ 648 583 470

Véndense
-Vacas de leite e xovencas por peche de explotación. En Enveande, San Fiz (Monfero, A Coruña).
☎981 788 216

Véndense
-Invernadoiro multicanal de 900 metros na zona de Silleda.
-Pedra rosada en pequena cantidade.
☎ 659 256 190 (Lourdes)

Véndense
-Uva Mencía con D.O. Ribeira Sacra.
-Xatas frisoas.
En Portomarín (Lugo).
☎ 982 034 032 / 697 422 304

Véndense
-Cachorros mastín pura raza.
-Volkswagen Golf serie 2 GTD Diesel en bo estado e con enganche de remolque.
☎ 626 194 490

COMPRAS

Mércase
-Muíño de tractor.
☎ 677 625 245

Mércase
-Remolque para coche de 2 eixes e 2,50 m. de largo como mínimo.
☎ 626 194 490

Alúganse
-Invernadoiros na zona de Valdoviño.
☎ 629 688 269

Mércase
-Encintadora que poña os rolos de punta.
☎ 676 168 523

Alúgase
-Finca de 30 hectáreas no concello de Oza dos Rios, parroquia de Rodeiro, no lugar de A Naveira.
☎ 625 767 300

EMPREGO

Búscase
-Traballador/a con coñecementos en vacún de leite para explotación de gandería en Rañón (Grixalba, Sobrado dos Monxes, A Coruña).
☎659 869 548 (preguntar por Xosé Miragalla).

Ofrécese
-Persoa con experiencia para traballar en explotacións da comarca do Deza.
☎ 645 448 300 (Luis)

Búscase
-Persoa para explotación agraria. Imprescindible carné de conducir e experiencia con maquinaria. Na zona de Teixeiro.
☎ 653 781 267

Ofrécese
-Traballador para explotación agraria. Persoa seria e responsable. Dispoñibilidade total de horario e desprazamento. Para Cesuras e concellos da zona.
☎ 676 960 087

Busco traballo
-como peón agrícola para explotacións en Ordes e arredores. Dispoño de tódolos carnés de conducir necesarios.
☎ 646 409 353 (preguntar por Xosé Antonio)

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Pura Seoane Alvela ▸ Labrega de Feáns (Vedra)

FOUCE 300
Xaneiro/Febreiro 14
sindicato labrego galego
comisións labregas

Pura cultiva na súa granxa de Feáns hortalizas e froitas pero, sobre todo, a ledicia de vivir facendo o que unha quere. Unha ledicia que lle transmite a leiras, cultivos baixo abrigo, pexegueiros, viñedos de Mencía, pereiras, maceiras, cerdeiras. Unha ledicia que inocula a toda a xente que lle merca alimentos na praza de abastos de Pontevedra. Unha ledicia, en fin, da que saben tantas persoas voluntarias que recalan na súa casa para aprender que da terra só se vive se verdadeiramente amas o que fas.

"Creo que é fundamental que a xente se sinta feliz traballando"

Seica a vosa explotación se converteu nun cruce de camiños no que conflúe xente de todo o mundo.

Na nosa granxa somos moitos a traballar. Estou eu, o meu fillo, unha veciña e tódalas persoas que veñen axudar de xeito voluntario a través de WWOOF.

Que é iso de WWOOF[1]?

É unha asociación sen ánimo de lucro que coordina granxas ecolóxicas con persoas que queren traballar nelas de xeito voluntario para aprender a cambio de aloxamento e manutención. Grazas a iso, a miña explotación está en contacto con persoas voluntarias de todo o mundo que poden vir aquí traballar a cambio dunha experiencia de aprendizaxe. Elas aprenden de ti e ti aprendes delas. Aínda que teñen o compromiso de axudar unhas 5 horas diarias, decotío acaba sendo unha fonda experiencia de intercambio con persoas que se integran como un membro máis da familia. Ao longo dos 3 anos que levamos en WWOOF, pasaron por aquí unhas 60.

Ten que ser unha experiencia moi enriquecedora.

Certo. Trátase dunha experiencia moi rica polo coñecemento que temos doutras persoas e culturas, e tamén como axuda para a nosa granxa, que é familiar e precisa, moitas veces, man de obra que axude. Alguén que comparta a nosa filosofía e que veña aquí colaborar con nós é como un agasallo do ceo.

De que filosofía falas?

En primeiro lugar, a sostenibilidade, tanto económica como medioambiental. Para ser sostible economicamente, procuras que os teus produtos che dean para vivir, pero tamén que sexan accesibles a todo o mundo, que non teñan prezos privativos. E despois, dende o punto de vista medioambiental, procuramos deixar a terra tal e como a herdamos dos nosos devanceiros. Por iso, facemos tratamentos que agradezan as plantas e a propia terra sen agroquímicos, sen fitosanitarios, sen hormonas. Dentro desta filosofía, tamén procuro que no exterior saiban desta pequena illa que é a nosa granxa, e aí entra a venda directa e a relación coa xente que consume os nosos produtos.

Tes algún consello común para xente tan diversa?

Pasamos moitas horas traballando cada día. Cando chegamos á fin das nosas vidas, deberiamos levar no peito unha medalla na que estivesen gravadas as horas nas que fomos felices. Para min é importantísimo que nesas horas se inclúan as traballadas. Creo que é fundamental que a xente se sinta feliz traballando, que a xente non queira ser labrega só polos cartos, nin veña aquí buscando unha actividade física coa que facer exercicio ou outras razóns. Ti vén a este traballo porque che gusta amasar a terra, sementar, ver medrar as plantas, traballar cos animais, apañar os froitos, podar, mimar todo o que nace. Se che gusta todo iso, xa está, entón es feliz e vaste erguer polas mañás entusiasmada para traballar e afrontar os retos con alegría.

Hai anos, tiveches responsabilidades sindicais no SLG, como ser a primeira coordinadora da Secretaría das Mulleres ou ser responsable do sector de horta. Non tes morriña de volver á primeira liña sindical?

Sempre me encantou estar en primeira liña sindical e xusto onde estiven, no Sindicato Labrego Galego. Para min foi unha experiencia moi bonita, que me formou e me creou como persoa. Aínda que non estea en primeira liña, aínda sigo aí porque nunca te vas. Agora mesmo, por tódalas responsabilidades familiares e laborais, non me queda o tempo necesario para o traballo sindical, pero sigo estando aí para colaborar no que faga falla.

Cando eras responsable da Secretaría das Mulleres, o SLG defendía en solitario a titularidade compartida nas explotacións, algo que hoxe, polo menos sobre o papel, é unha realidade.

Alegreime moitisimo cando o souben. É un paso moi grande para as labregas deste país. Creo que é un bo exemplo de que con constancia e traballo e, sobre todo, crendo e tendo fe no que pensas e fas, os retos acábanse convertendo nunha realidade.



[1]As siglas WWOOF responden a World Wide Opportunities on Organic Farms (Oportunidades en Granxas Ecolóxicas de todo o Mundo). Máis información en www.ruralvolunteers.org